# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# DEPARTAMENTO INGLÉS

## CURSO 2022 / 2023

**IES Antón Losada Diéguez**

IES Antón Losada Diéguez. Departamento Inglés

**ÍNDICE XERAL**


1. O Departamento de Inglés....6
2. Introdución....6
    2.1. Xustificación da programación didáctica....6
    2.2. Marco Legal....11
3. Contextualización....14
    3.1. Contextualización e señas de identidade do centro....14
    3.2. Relación cos documentos organizativos do centro....15
    3.3. Contribución aos proxectos de innovación educativa....17
4. Metodoloxía....17
5. Programación de 2º ESO....19
    5.1. Contextualización....19
    5.2. Competencias clave....19
    5.3. Obxectivos....20
    5.4. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliable, en relación cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave aos que fan referencia....22
    5.5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable....32
    5.6. Criterios de Cualificación....51
    5.7. Distribución, estruturación, desenvolvemento e temporalización dos contidos en unidades didácticas....54
    5.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente....54
    5.9. Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados....56
    5.10. Elementos Transversais....58
    5.11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora....59
    5.12. Materiais e recursos didácticos....60
6. Programación de 4º ESO....61
    6.1. Contextualización....61
    6.2. Competencias Clave....62
    6.3. Obxectivos....62
    6.4. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliable en relación cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave aos que fan referencia....64
    6.5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable....76
    6.6. Criterios de cualificación....87

6.7. Distribución, estruturación, desenvolvemento e temporalización dos contidos en unidades didácticas....................................................................................................90
6.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente..........90
6.9. Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.........92
6.10. Elementos transversais..............................................................................................93
6.11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora...........................................94
6.12. Materiais e recursos didácticos..................................................................................95
7. Programación de 2º Bacharelato......................................................................................97
7.1. Contextualización.........................................................................................................97
7.2. Competencias Clave.....................................................................................................97
7.3. Obxectivos...................................................................................................................98
7.4. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliable en relación cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave aos que fan referencia.............99
7.5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable...................................110
7.6. Criterios de cualificación...........................................................................................132
7.7. Distribución, estruturación,desenvolvemento e temporalización dos contidos en unidades didácticas..........................................................................................................134
7.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente........135
7.9. Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.......137
7.10. Elementos transversais............................................................................................138
7.11. Mecanismos de revisión,avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e proceso de mellora...........................................139
7.12. Materiais e recursos didácticos................................................................................140
8. Programación para a actividade formativa en lingua estranxeira para o alumnado matriculado nos ciclos formativos plurilingües de grao superior (Ciclo Superior de Deseño e Amoblamento (Dual) e Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (Dual)...........................................................................................................141
8.1. Contextualización.......................................................................................................141
8.2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.............................................142
8.3. Contidos básicos........................................................................................................144
8.4. Orientacións pedagóxicas.........................................................................................146
8.5. temporalización dos contidos en unidades didácticas...........................................147
8.6. Criterios de cualificación...........................................................................................148

8.7. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora....................................149
8.8. Materiais e recursos didácticos....................................................................150
9. Programación para a actividade formativa en lingua estranxeira para o alumnado matriculado nos ciclos formativos plurilingües de grao superior (Ciclo Superior de Administración e Finanzas II) e Ciclo Superior de administración de sistemas informáticos en rede)(Dual)..........................................................................................................151
9.1. Contextualización...........................................................................................151
9.2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación......................................151
9.3. Contidos básicos.............................................................................................154
9.4. Orientacións pedagóxicas...............................................................................156
9.5 Temporalización dos contidos en unidades didácticas.....................................157
9.6. Criterios de cualificación.................................................................................157
9.7. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora....................................159
9.8. Materiais e recursos didácticos.......................................................................160
10. Programación da Educación Secundaria para as Persoas Adultas........................160
10.1. Contextualización.........................................................................................161
10.2. Competencias Clave......................................................................................162
10.2.1. Contribución da materia de Lingua Estranxeira á adquisición das Competencias Básicas.............................................................................................164
10.3. Obxectivos no Ámbito da Comunicación.......................................................166
10.4. ESA Nivel II...................................................................................................167
10.4.1. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliable en relación cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave aos que fan referencia. (módulo III).............................................................................................167
10.4.2. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliable en relación cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave aos que fan referencia. (módulo IV).............................................................................................180
10.4.3. Avaliación..................................................................................................189
10.4.4. Procedementos e instrumentos de avaliación............................................189
10.4.5. Avaliacións extraordinarias........................................................................190
10.4.6. Criterios de promoción..............................................................................191
10.4.7. Criterios de titulación.................................................................................191

10.4.8. Medidas de reforzo.....191
10.4.9. Os Temas Transversais.....191
10.4.10. Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.....192
10.4.11. Temporalización dos contidos das unidades.....193
11. Programación de 2º de Bacharelato Semipresencial.....194
11.1. Contextualización.....194
11.2. Competencias Clave.....194
11.3. Obxectivos.....195
11.4. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliable en relación cos obxectivos, contidos ,Criterios de avaliación e competencias clave aos que fan referencia.....196
11.5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....196
11.6. Criterios de cualificación.....196
11.7. Distribución, estruturación,desenvolvemento e temporalización dos contidos en unidades didácticas.....198
11.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.....199
11.9. Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.....201
11.10. Elementos Transversais.....202
11.11. Alumnos matriculados en Inglés II con Inglés I Non Superado.....203
11.12. Mecanismos de revisión,avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.....203
11.13. Materiais e recursos didácticos.....205
12. Ciclos formativos e módulos profesionais.....207
12.1. C.S. Administración e finanzas I - Módulo profesional – Inglés – MP 0179.....207
12.2. 1º FP Básica de INFOFI - Módulo comunicación e sociedade 1 – Inglés – MP..207
12.3. 1º FP Básica de Carpintaría e Moble – Módulo Comunicación e Sociedade 1 – Inglés – MP 3011.....208
12.4. 1º FP Básica de MANVEH – Módulo Comunicación e Sociedade 1 - Inglés – MP 3011.....208
12.5. 2º FP Básica de INFOFI - Módulo Comunicación e Sociedade 2 – Inglés – MP 208
12.6. 2º FP Básica de MANVEH – Módulo Comunicación e Sociedade 2 – Inglés – MP 3012.....209
12.7. 2º FP Básica de Carpintaría e Moble - Módulo Comunicación e Sociedade 2 – Inglés – MP 3012.....209

13. Medidas de Atención á Diversidade....................................................................209
14. Organización das actividades de seguimento recuperación e avaliación de materias pendentes.................................................................................................................219
15. Plan de reforzo personalizado para o alumnado repetidor.........................................220
16. Colaboración do departamento coas “Seccións Plurilingües”.....................................222
17. Actividades Extraescolares e Complementarias........................................................223
18. Auxiliar de Conversa..................................................................................................224
19. Información ao alumnado...........................................................................................224
Anexo I. Rúbrica do Writing............................................................................................224
Anexo II. Rúbrica do Speaking.........................................................................................227

# 1. O DEPARTAMENTO DE INGLÉS

O departamento de inglés está formado polo seguinte profesorado:

- **Elena María Calviño Riveira** (coordinadora de asistente de conversa) que imparte clases nos niveis de 3º ESO A / B (E-DixGal) , en 2º de Bacharelato A e B, en 1º de Formación Profesional Básica de INFOFI, e a actividade formativa en lingua estranxeira para o alumnado matriculado nos ciclos formativos de grado superior: C.S. de Deseño e Amoblamento (DUAL) 1º Curso e C.S. de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (DUAL ) 1º Curso..

- **Alba Aminata Faye Pérez** que imparte clases nos niveis de 2º A / B e 4ª ESO A / B (E-DIXGAL) e en 2º de FPB de Carpintaría e Moble, MANVEH e INFOFI.

- **Patricia Alonso Janeiro** que imparte clases en 1º da ESO A e B(E-DIXGAL), 1º de Formación Profesional Básica de Carpintaría e Moble e de MANVEH, Educación de adultos: ESA Presencial, ESA Semipresencial e 1º e 2º de Bacharelato Semipresencial.

- **Socorro Goldar Pazos** (xefa de departamento) que imparte clases en 1º de Administración e Finanzas (ciclo superior),1º de Bacharelato A / B / C, un reforzo de 1º BACH, e a actividade formativa en lingua estranxeira para o alumnado matriculado nos ciclos formativos de grado superior: C.S. Administración de sistemas informáticos en rede, ASIR (Dual) 2º Curso e C. S. de Administración e Finanzas (2º curso).

# 2. INTRODUCIÓN

## 2.1. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento.

Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.
O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas.

O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade.

Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas.

Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergobernamental Europeo titulado "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergobernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe.

A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido.

A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente.

Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais

nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada.

Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Estas desempeñan, logo, un papel salientable como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda.

Todo isto sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos diferentes aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Por tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. A finalidade é construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as de linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Daquela, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e a interpretación de textos significativos, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas e ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.

Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e

valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Primeira Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción).

Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas.

Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda.

Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

## 2.2. MARCO LEGAL

**Esta programación foi redactada tendo en conta o marco legal da actual lei educativa, LOMCE, que afecta a todos os niveis impartidos polo departamento de Inglés.**

- **Lei Orgánica 2/2006,** do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- **Real Decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

- **Orde ECD/65/2015**, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- **Orde do 15 de xullo de 2015** pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- **Real Decreto 665/2015**, de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria
- **Resolución do 27 de xullo de 2015**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- **Decreto 107/2014**, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos

**Educación das persoas adultas**

- **Decreto 88/1999**, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros
- **Lei 9/1992**, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos. DOG 6 agosto 1992
- **Orde do 20 de xullo de 2009** pola que se regulan as ensinanzas de bacharelato

para persoas adultas pola modalidade presencial na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 31 de xullo de 2009

- **Orde do 26 de abril de 2007** pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 8 de maio de 2007
- **Orde do 24 de xuño de 2008** pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 23 de xullo de 2008
- **Orde do 11 de xuño de 2010** pola que se autorizan as ensinanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros específicos de educación e promoción de adultos e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. DOG 21 de xuño de 2010
- **Orde do 19 de febreiro de 2009** pola que se regulan as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezaoito anos. DOG 4 de marzo de 2009
- **Circular 5/2014**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan Instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros epa e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2014/2015
- **Circular 6/2014**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros EPA e dos IES que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2014/2015
- **Orde do 10 de febreiro de 2012** pola que se modifica a do 19 de febreiro de 2009 pola que se regulan as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezaoito anos.
- **Orde do 10 de febreiro de 2012** pola que se regula a proba para a obtención do

título de bacharel para persoas maiores de vinte anos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Circular 4/2016**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a organización e posta en funcionamento das ensinanzas de bacharelato para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, nos IES e centros EPA autorizados para impartilas no curso 2016/17.
- **Circular 5/2016**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, pola que se ditan Instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros EPA e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2016/2017
- Na resolución **do 17 de xuño de 2021,** da Secretaría Xeral de Educacion, Formacion Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- **A Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño**, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educacion, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021 establece que as administracions educativas adoptaran as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracions das actividades lectivas presenciais.

# 3. CONTEXTUALIZACIÓN

## 3.1. CONTEXTUALIZACIÓN E SEÑAS DE IDENTIDADE DO CENTRO

Para poder desenvolver unha programación é imprescindible situala nunha contorna concreta e destinala a un alumnado determinado. A presente programación didáctica está dirixida ao alumnado que cursa a materia de **Inglés**, no **IES Antón Losada Diéguez**, un centro de titularidade pública, que se atopa situado na localidade de A Estrada, no centro da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha poboación de 21.197 habitantes (INE, 2014).

O instituto cumpre co **Real Decreto 132/2010**, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

A xornada do mesmo é de mañá e tarde ao ofertarse ESO e BAC (horario matutino) e ESO e BAC para adultos en modalidade presencial e semipresencial (horario vespertino) .

Conta con dúas modalidades de Bacharelato (Ciencias Sociais/Humanidades e Ciencias). Así mesmo, o centro ofrece un Ciclos formativos de grao medio (Administración e Finanzas, Automoción, Informática e Electrónica) e de grao superior (Administración e Finanzas, Automoción, Informática e Electrónica).

No curso escolar 2014-2015 impártese por primeira vez unha FPBásica de Mantenemento de Vehículos I e a partires do curso 2015-2016 engádense o segundo curso de FPBásica de Mantenemento de Vehículos e FPBásica de Administrativo I. Na actualidade están implantadas as dúas FPBásicas cos niveis I e II. No curso 2020-2021 impártese o ciclo de fpbásica de carpintería e moble.

O seu estilo educativo fundamentase no pluralismo, os valores democráticos de convivencia e unha metodoloxía activa.

Por iso, a acción educativa basearase na proposta de LOMCE con respecto á solidariedade, a cooperación, o diálogo, a tolerancia e o respecto, rexeitando calquera tipo de comportamento discriminatorio.

Os seus órganos de Goberno son de tres tipos: a) *Unipersonales*: Director, Vicedirector, Xefe de Estudos e Secretario; b) *Colexiados*: claustro de profesores e consello escolar; c) *De coordinación docente*: Departamento de Orientación, Departamentos Didácticos (como o de Inglés ao que se adscribe a presente programación) e Comisión de Coordinación Pedagóxica. O seu claustro está constituído por 65 profesores.

Carente de situacións conflitivas dentro do aula, gran parte do alumnado realizou os seus estudos de secundaria no centro (son alumnos transportados do rural), o que repercute de xeito positivo nun mellor aproveitamento dos recursos e dos medios entre profesor e alumno.

## 3.2. RELACIÓN COS DOCUMENTOS ORGANIZATIVOS DO CENTRO

A programación non é un ente illado. Non só á hora de seleccionar os contidos e hai que seguir as pautas marcadas polo **DCB (primeiro nivel de concreción curricular)**, senón que á hora de poñela en práctica habemos de seguir os **criterios de funcionamento propios do centro (segundo nivel de concreción curricular).** Os principais documentos que condicionan o traballo nun centro son:

1. **PROXECTO EDUCATIVO** (PE): Este documento recolle as ideas asumidas pola comunidade escolar respecto de as opcións educativas básicas e á organización xeral do centro. Márcanse as pautas para establecer uns sinais de identidade que o doten dun

estilo educativo propio e adápteno ao contorno.

2. **PROXECTO CURRICULAR DE CENTRO** (PCC): Baseándose no PE, o PCC concrétaos en proxectos de intervención didáctica adecuados a un contexto específico. Nel recóllense os proxectos curriculares de etapa, que incluirán obxectivos xenerais, metodoloxía e criterios de avaliación, o plan de orientación académica e profesional e o plan de acción titorial; as programacións didácticas de cada departamento.

3. **PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL** (PGA): É un plan de organización do centro para o seu funcionamento durante o curso escolar (horario, actividades extraescolares, PEC, PCC…)

4. **NORMAS PARA A ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DE CENTRO** (NOFC): É o documento que en dependencia orgánica do PE, establece as normas de comunicación do IES.

A nosa proposta, está pensada para traballar cun alumnado concreto e adaptada a unha realidade determinada, en conexión coas directrices legais, tanto a nivel de Proxecto Educativo (PE), como de Proxecto Curricular de Centro (PCC - vixente aínda nalgúns IES), que marcan a organización do proceso de ensino-aprendizaxe, xa que engloban ao resto dos documentos como o Regulamento de Réxime Interno, a Programación Xeral Anual, o Plan de Atención á Diversidade,…

Todos estes documentos permiten determinar aspectos como a ideoloxía do centro, a organización de espazos e tempos, as medidas de atención á diversidade dentro do actual concepto de escola inclusiva, as vías de coordinación a nivel interno e externo, a implicación da familia e a comunidade educativa, as funcións dos diferentes órganos, a secuenciación dos elementos curriculares presentes nos diferentes cursos, o tratamento de factores socio-culturais, a posta en práctica de programas de formación de profesorado e de innovación educativa, relacionadas coa realidade do centro, o tratamento da Educación en Valores e dos programas que na actualidade desenvólvense, como son: o **Plan de Convivencia**, o **Plan de Orientación Académica e Profesional**, o **Plan de Introdución das Tecnoloxías da Información e a Comunicación**, o **PROA**, o **Plan de acolleita para nenos de incorporación tardía ao sistema educativo** e o **Proxecto Lector**.

En definitiva, a Programación forma parte da Programación Xeral Anual, que os profesores do Dpto. Didáctico, deben elaborar co fin de dar unidade e coherencia aos ensinos da materia nos distintos cursos, tendo en conta as directrices establecidas no PE.

Así, establécense os diferentes niveis de concreción curricular: 1º nivel → Decreto galego → 2º nivel → PE → 3º nivel → Programación de Aula, que se concreta, á súa vez, coas unidades didácticas.

### 3.3. CONTRIBUCIÓN AOS PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Na medida do posible, a nosa materia debe contribuír ao desenvolvemento dos proxectos de innovación educativa propostos pola LOE e consolidados agora na LOMCE que se están a levar a cabo no centro. Así, o **Plan de Convivencia** verase reforzado co tratamento da educación en valores de forma transversal no desenvolvemento das nosas sesións.

A presenza das **Tecnoloxías da Información e a Comunicación** no traballo da aula é unha peza crave na educación das novas xeracións. É necesario que os alumnos alcancen unha competencia dixital que lles permita obter información, procesala e convertela en coñecemento. As formas habituais de utilización serán a consulta de páxinas web, o emprego de recursos interactivos sobre a materia, material audiovisual baixado de Internet (cancións, fragmentos de películas, entrevistas, programas de entretemento, informes do tempo...).

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos de LOMCE, o centro conta cun **Proxecto Lector**, reforzado tamén cun **Clube de Lectura**, e ambos integran todas as actuacións destinadas ao fomento da lectura e da escritura. No presente curso a Biblioteca propón **A Hora de Ler** para os grupos da ESO. Dende o departamento de inglés colaboraremos fomentando dende as aulas e incentivando a lectura de libros graduados, artigos de revistas e prensa, artigos extraídos de Internet, etc.
Na materia de Inglés, o fomento da lectura e da escritura ten especial importancia, e por iso en todas as unidades traballarase con textos sobre os que hai que reflexionar e, ademais, propóñense libros de lectura obrigatoria para o segundo e o terceiro trimestre.

## 4. METODOLOXÍA

En xeral, pódese dicir que o enfoque que ha de primar no tratamento da materia de Lingua Estranxeira ha de ser o **comunicativo**, polo que os elementos do currículo definiranse sempre en base aos procesos de comunicación aos que van encamiñados, adecuándose a cada etapa educativa, ás características e as necesidades do alumnado.

Integrando todos estes aspectos e partindo desta idea, o currículo estrutúrase ao redor de

actividades de lingua tal como estas descríbense no Marco: **comprensión e produción** (expresión e interacción) **de textos orais e escritos**.

A lingua demanda unha metodoloxía que se centre no alumno, nas súas necesidades de aprendizaxe e na responsabilidade que este debe asumir no proceso; A metodoloxía máis idónea será, por tanto, aquel conxunto de prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que mellor contribúa a que o alumno, por unha banda, adquira as diversas competencias implicadas na comunicación, e, por outro, desenvolva a capacidade de pór todas estas competencias en práctica de maneira conxunta para producir e procesar textos orais ou escritos adecuados aos contextos de actuación correspondentes.

Incidirase ademais de maneira especial no aproveitamento didáctico de **recursos dixitais**, entendidos como unha ferramenta esencial para iniciar ao alumnado na adquisición gradual de mecanismos autónomos de aprendizaxe.

Para acadar os obxectivos propostos, a metodoloxía a empregar debería cumprir as seguintes condicións, tendo en conta sempre as diferenzas persoais e metodolóxicas dos profesores que integran o departamento e a diversidade dos alumnos :

1. Partir de que o alumno xa ten uns coñecementos sobre o que se vai traballar, enriquecéndoos, modificándoos ou relacionándoos con outros novos.
2. Admitir que o alumno asimila de forma máis efectiva canto máis protagonismo teña na construción do seu propio coñecemento, o que nos obriga a rexeitar o rol do profesor como dispensador do saber, e adoptar unha metodoloxía que de ó alumno unha participación máis activa.
3. Por ser unha etapa obrigatoria , e porque os alumnos aprenden de diferentes formas, a metodoloxía a empregar, debe ter carácter ecléctico para poder atender a diversidade na aula..
4. Procurarase unha interacción educativa pluridireccional: Profesor-Alumno, Alumno-Profesor, Alumno-Alumno.
5. Darase preferencia a unha aprendizaxe significativa e relacional, sen deixar de lado a potenciación da memoria.
6. Buscarase que o alumno traballe con contidos facilmente relacionables cos que xa

posúe.

7. Buscarase que dentro do posible, os temas, actividades sexan un reto para ó alumno.

A estas ideas de metodoloxía xeral, habería que engadir:

8. Dentro da aula o inglés será a lingua de comunicación.
9. Procuraranse traballar e integrar as catro destrezas básicas pero procurando dar una certa prioridade a ensinanza de lingua oral, insistindo na comprensión auditiva, na produción oral máis correcta posible, para ir introducindo gradualmente a lectura e a escritura.
10. Deberase empregar un método de ensinanza que favoreza a asimilación progresiva e constante, o que pide unha metodoloxía cíclica e repetitiva.
11. Porén, deberase evitar unha ensinanza simplemente repetitiva, e procurar acadar espertar a creatividade do alumno.

# 5. PROGRAMACIÓN DE 2º ESO

## 5.1. CONTEXTUALIZACIÓN

En 2º de ESO temos dos grupos: 2º ESO A e 2º ESO B

| Nivel e grupo | Nº total de alumnos | Nº alumnos con inglés pendente | Nº alumnos repetidores |
|---|---|---|---|
| 2º ESO A | 25 | 5 | 2 |
| 2º ESO B | 27 | 5 | 3 |

## 5.2. COMPETENCIAS CLAVE

A implantación da LOMCE implicou moitos cambios. Un deles é a modificación das oito competencias básicas do currículo LOE, que pasan a ser sete e a denominarse competencias clave. A nova lei renomea lixeiramente algunhas das anteriores, agrupa as relativas ao mundo científico e matemático, e elimina a autonomía persoal para substituíla por sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Deste xeito, axústase ao marco de referencia europeo.

1. **Competencia en comunicación lingüística** (CCL) Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral ou escrita.

2. **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (CMCT). A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.

3. **Competencia dixital** (CD). Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.

4. **Aprender a aprender** (CPAA). É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.

5. **Competencias sociais e cívicas** (CSC). Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativa e democrática na vida social e cívica.

6. **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor** (SIE). Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

7. **Conciencia e expresións culturais** (CEC). Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

### 5.3. OBXECTIVOS

Os obxectivos son enunciados que expresan as capacidades que o alumno debe alcanzar trala intervención educativa. Responden á pregunta **para que ensinar?** Os decretos do currículo establécenos por etapa e materia e os departamentos adáptanos ao alumnado do centro.

Os **obxectivos xerais da etapa** da ESO están recollidos no **Decreto 86/2015,** do 25 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Secundaria

Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

No artigo 10 Establécese que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

| PLE-B5.7 | 4º-PLEB5.7 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | Ás veces | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD |

IES Antón Losada Diéguez. Departamento Inglés

## 6.6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para que a avaliación sexa efectiva, o alumnado debe recibir pautas claras sobre como se vai avaliar. O resultado da aplicación dos criterios e instrumentos de avaliación expresarase, en cada un dos trimestres e ao rematar o curso mediante unha escala de cualificación (de un a dez) que terá como referente os estándares descritos previamente e que estará de acordo coas seguintes normas de cualificación:

- A cualificación de cada avaliación trimestral dependerá das obtidas a través dos procedementos utilizados, que deben ser variados e capaces de ofrecer información relevante sobre o cumprimento dos estándares da área e dos obxectivos xerais que serven de referente para todas as áreas da ESO e BACH. Para iso en **4º de ESO** valoraranse os estándares seguindo o seguinte baremo:

| **Estándares** | **Procedemento e instrumento** | **% na nota das avaliacións** |
|---|---|---|
| Escoitar: PLEB1.2., PLEB1.4.,PLEB1.5 | Proba específica<br>Proba obxectiva | 15% da nota |
| Falar: PLEB2.3., PLEB2.5.,PLEB5.1, PLEB5.6., PLEB5.7. | Proba específica<br>Exposición dun tema, proba aberta | 15% da nota |
| Ler: PLEB3.4.,PLEB3.5.,PLEB3.6., PLEB3.8.<br>Inclúe os libros de lectura obrigatoria | Proba específica<br>Proba obxectiva | 20% da nota |
| Escribir: PLEB4.1.,PLEB4.2.,PLEB4.4, PLEB4.8 | Proba específica<br>Proba aberta | 10% da nota |
| Coñecemento da lingua: PLEB5.5., PLEB5.6., PLEB5.7. | Proba específica<br>Proba obxectiva | 30% da nota |
| Actitudes lingüísticas: PLEB1.1, PLEB1.2, PLEB1.3, PLEB1.4, PLEB1.5, PLEB1.6, PLEB1.7,PLEB1.8,PLEB2.1, PLEB2.2, PLEB2.4, PLEB2.5.,PLEB2.6, PLEB3.1, PLEB3.2, PLEB3.3,PLEB3.4, PLEB3.5, PLEB3.6, PLEB3.7,PLEB4.1, PLEB4.2, | Observación sistemática, Intercambios orais cos alumnos, Análise das producións dos alumnos.<br>Diario de clase, Entrevista, | 10% da nota |

| | | |
|---|---|---|
| PLEB4.3, PLEB4.4, PLEB4.5, PLEB4.6,PLEB4.7,PLEB4.8,PLEB5.1, PLEB5.2, PLEB5.3, PLEB5.4, PLEB5.5, PLEB5.6, PLEB5.7 *** | Textos escritos | |

***** RÚBRICA para avaliar e elaboración de prácticos e actividades ( ANEXO I )**

A avaliación é continua, realizando controis cando se considere oportuno. As probas escritas serán, por suposto, coherentes co material dado durante este tempo na clase.

Cunha avaliación continua, a/ profesor/a vaise facendo unha idea do grado de desenvolvemento, traballo e aprendizaxe de cada un dos seus alumnos e alumnas. Ao tratarse dunha avaliación continua, non se prevén probas específicas de recuperación. A recuperación valorarase a partir do progreso que o alumno realice no período posterior.

Para cualificar o traballo e o rendemento do alumnado teranse en conta as seguintes probas e conceptos en cada avaliación:

A. O alumno terá que acadar un nivel de coñecementos superior ó 50% no conxunto dos estándares de aprendizaxe. Para cuantificar este aspecto, aplicaranse probas de avaliación nas que os alumnos demostrarán o grao de coñecementos adquiridos na lingua inglesa: o seu nivel de vocabulario, comprensión lectora, comprensión oral, expresión escrita, expresión oral e coñecementos de gramática.

Estas probas estarán baseadas nos contidos programáticos desenvolvidos na clase e os alumnos deberán responder nelas a unha serie de cuestións de tipo gramatical, léxico, sintáctico, oral, auditivo, …. Seguindo este esquema xeral, cada profesor realizará distintos tipos de probas co fin de poder avaliar o grao de consecución dos obxectivos marcados, tendo en conta a súa especificidade e segundo as competencias e os contidos traballados.

B. A <u>cualificación</u> das probas en <u>cada avaliación</u> será o resultado do anteriormente exposto (ver táboa). Superará a materia todo o alumnado que obteña unha cualificación global de **5** ou máis sobre 10.

C. Ademais da participación e superación por parte do alumnado nas probas descritas con anterioridade tamén se lle esixirá a ENTREGA OBRIGATORIA de traballos na data establecida polo profesor/a (composicións, boletíns de exercicios, etc...) e a PARTICIPACIÓN OBRIGATORIA en audicións, presentacións, ... do mesmo tipo das que

formarán parte das probas. O número das mesmas, tanto os traballos coma as audiciópresentacións, ... estará en relación ás necesidades de aprendizaxe que demostre o alumnado no seu conxunto.

Os erros cometidos polos alumnos non suporán unha discriminación entre os alumnos, senón que servirán para orientar sobre posibles fallos na práctica dos contidos, cambio de técnicas de estudio, revisión de contidos particularmente difíciles, ...

A **cualificación final en xuño** obterase aplicando as seguintes porcentaxes á nota de cada avaliación:

**1ª avaliación: 20%  2ª avaliación: 30%  3ª avaliación: 50%**

**Procedemento para a recuperación da materia suspensa**

De acordo coas Aclaracións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa relativas á organización de final de curso 2022-2023, modifícase a programación didáctica de 4º da ESO. Deste xeito, tomaranse as seguintes medidas ao final do presente curso:

Nas últimas sesións do ano escolar, realizaranse actividades de reforzo e consolidación dos contidos traballados ao longo do curso. A finalidade de realizar as devanditas actividades é apoiar ao alumnado coa materia suspensa a preparar un exame final extraordinario, que se celebrará antes do 21 de xuño de 2023.

Para o alumnado que non precise recuperar a materia, proporanse, segundo as necesidades en cada caso, actividades de ampliación e/ou consolidación.

A proba incluirá grammar e vocabulary (40%), reading comprehension (20%), writing (20%) e listening (20%). Para preparar dita proba, realizaranse actividades de reforzo e consolidación. A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

Para aprobar é necesario acadar unha nota de **5** ou máis sobre 10.

## 6.7. DISTRIBUCIÓN, ESTRUTURACIÓN, DESENVOLVEMENTO E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS EN UNIDADES DIDÁCTICAS

Todo o alumnado da ESO utilizará os recursos dispoñibles na plataforma E-dixgal.Empregaráse o libro dixital como material complementario que o Departamento de Inglés informará ao principio do curso.

Os contidos de este ano escolar quedarán distribuídos en 6 módulos, cada un dos cales estará dividido en tres subapartados. Cada dous módulos farase unha sesión de repaso. A temporalización dos contidos levarase a cabo tal e como queda reflIctido na seguinte táboa.

• SESIÓNS SEMANAIS: 3
• DURACIÓN DE CADA SESIÓN: 50 minutos

| Módulo | Subapartado | Sesións | Avaliación |
|---|---|---|---|
| Introduction | | 6 | 1 |
| Module 1: Game Changers | A: Changing the Land | 12 | 1 |
| | B: Making History | | |
| | C: Going the Distance | | |
| Module 2: The Unexpected | A: Surprising Results | 12 | 1 |
| | B: Unusual Talents | | |
| | C: Not What it Seems | | |
| Review 1 | | 1 | 1 |
| Module 3: The Way We Live | A: Finding Your Roots | 16 | 2 |
| | B: Exploring Customs | | |
| | C: Going Global | | |
| Module 4: All in the Mind | A: Perfect Sense | 16 | 2 |
| | B: Brain Power | | |
| | C: Don´t Panic! | | |
| Review 2 | | 1 | 2 |
| Module 5: Mother Nature | A: Plant Power | 15 | 3 |
| | B: The Animal World | | |
| | C: Extreme Weather | | |
| Module 6: Trending Now | A: Dressing Up | 15 | 3 |
| | B: Going Online | | |
| | C: Bon Voyage | | |
| Review 3 | | 1 | 3 |

## 6.8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A

## PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e da propia práctica docente é imprescindible. Será global, formativa e continua para poder adoptar medidas de reforzo educativo. Para iso é necesario facer unha autoavaliación crítica da programación e das unidades para melloralas e contrastar experiencias.

Para realizar esta avaliación utilizaremos, como mínimo unha vez cada trimestre, as seguintes escalas de observación, examinaremos os resultados como departamento e tomaremos as medidas oportunas.

### Indicadores de logro do proceso de ensino

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. (se procede) | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. (se procede) | | | | |
| 8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 10. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 11. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

### Indicadores de logro da práctica docente

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. (se procede) | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en grupo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. (se procede) | | | | |
| 15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 16. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

## 6.9. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

A avaliación inicial é o punto de referencia do equipo docente na toma de decisións relativas ao desenrolo do currículo e a súa adecuación ás características do alumnado. Aporta información para poder definir, modificar ou enriquecer o proceso educativo que se ofrece ao grupo e a cada un dos alumnos cos que se vai traballar.

A información axuda na planificación educativa que ten en conta os coñecementos, capacidades e necesidades do alumnado, así como as características do entorno no que se desenrola. Esta avaliación presta tamén atención á maneira de afrontar o alumnado os seu aprendizaxe, de modo que ademais de perfilar o que hai que traballar, indica como hai que traballalo.

Para obter toda a información necesaria para unha avaliación inicial son importantes tanto os informes persoais da etapa anterior ou, no seu caso, a información aportada polo profesorado do curso anterior como os aspectos que proporcionan diversos instrumentos de avaliación.

O uso dun único instrumento de avaliación non garante a recollida de toda a información necesaria, así que usaremos varios co fin de obter unha visión o máis global posible das

fortalezas e debilidades de cada estudante. Con ese obxectivo en mente, faranse varias probas específicas para coñecer o punto de partida do noso alumnado. Nestas probas avaliarase ó maior número posible de destrezas: uso da lingua (gramática e vocabulario), comprensión de textos orais e escritos (listening e reading) e expresión escrita (writing). A produción oral (speaking) poderase avaliar ben mediante unha proba en si (entrevista persoal) ou ben mediante a observación directa de actividades orais nas que o alumnado interactúa entre si.

Como consecuencia dos resultados desta avaliación inicial, tomaremos as seguintes medidas se é necesario:

- Desenrolar prácticas educativas que favorezan a participación e a aprendizaxe dos alumnos: estratexias metodolóxicas como a aprendizaxe cooperativo ou a titoría entre iguais; adecuación das actividades aos diferentes niveis de competencia curricular do alumnado; selección de diferentes materiais e recursos para a realización das actividades procurando a motivación; cambios de ubicación na aula...

- Realizar actividades de apoio, reforzo e recuperación para aqueles alumnos que o necesitan.

- Adaptacións de acceso á información, das condicións de realización das probas, etc.

- Medidas específicas extraordinarias como: adaptacións curriculares significativas (ACS), fórmulas de escolarización, etc

## 6.10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Según o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, son elementos transversais do currículo:

1. A comprensión lectora
2. A expresión oral e escrita
3. A comunicación audiovisual
4. As Tecnoloxías da Información e a Comunicación
5. O emprendemento
6. A educación cívica e constitucional

Ademais terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de

oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Como é de esperar, na materia de lingua inglesa se traballan principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en tódalas unidades; pero tamén se traballan a comunicación audiovisual e as TIC que serven de referente operativo e se procura a súa utilización ao largo do curso a través do uso de Internet (como fonte de información e práctica de diversos contidos mediante actividades interacivas), dun procesador de textos (para a expresión e creación persoal), de vídeos, de actividades con vocabulario típico da linguaxe multimedia (blogs, e-mails, foros)...

Igualmente, o emprendemento se traballará tentando que os alumnos teñan confianza en si mesmos, tomen a iniciativa para realizar diferentes actividades e as poñan en práctica na vida real. Con estes obxectivos, invitarase aos alumnos a expresar as súas opinións persoais, a contrastar as súas ideas, a buscar orientación ou axuda cando a necesiten, a compartir e a organizar o traballo en grupo.

A educación cívica e constitucional é un referente permanente nas actividades da materia e nas relacións interpersoais, tanto entre os propios alumnos como nas súas relacións e comunicación co profesor. Resultan de especial relevancia as accións para a mellora da convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo, a empatía e a resolución de conflitos.

## 6.11. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A programación didáctica se revisará periodicamente utilizando a escala de observación que aparece a continuación, se analizarán os seus resultados en reunións de departamento e se tomarán as medidas oportunas para a súa mellora.

## ESCALA DE OBSERVACIÓN

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto. | | | | |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| 16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. | | | | |
| 18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. | | | | |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. | | | | |
| 20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. | | | | |
| 21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| 22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | |
| 23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. (se procede) | | | | |
| 24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |
| 25. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| 26. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 27. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |

## 6.12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A diversidade de alumnado esixe diversidade de materiais para poder responder en consonancia co principio de individualización do ensino. No que á selección de materiais refírese, trátase de escoller aqueles que interesen aos alumnos e de elixir contidos relevantes, ademais de propiciar actividades favorables ás novas aprendizaxes tecnolóxicas.

O centro ofrece unha ampla gama de materiais e recursos didácticos como medios audiovisuales, aulas de informática e, sobre todo, relacionada coa nosa materia, unha biblioteca, a cuxo emprego procederemos a instar ao noso alumnado.

- **Empregarase libro de texto dixital interactivo como material complementario:**

O alumnado empregará o libro dixital para que o alumnado poida practicar na aula e na casa; para outros contidos de interese que xurdan o profesor expoñerá os mesmos e proporcionará todo o material que considere oportuno en forma de fotocopias.

- Materiais informáticos ou novas tecnoloxías: en consonancia coa sociedade, as novas tecnoloxías deben xogar un importante papel instrumental na formación do alumnado. Os recursos telemáticos, como Internet poden ser empregados no desenvolvemento de diversos contidos, por exemplo coas páxinas, presentadas na sesións. Ademais, utilizarase o canón para visualizar os cadros e o material que o profesor levou impreso, pero desde o ordenador portátil.
- Material audiovisual: para buscar unha relación directa entre a materia e o mundo que nos rodea, intentarase visualizar fragmentos ou a totalidade de versións cinematográficas de obras relacionadas co temario e/ou documentais.

**a) Para o profesor**

- Libro de texto dixital interactivo asinado polo Departamento e máis o libro de traballo.
- Presentacións en Power Point de elaboración propia.
- Proxector e ordenador de aula.

**b) Para o Alumno:**

- Libro de texto dixital interactivo asinado polo profesor**.**
- Workbook
- Material complementario da materia proporcionados polo profesor.
- Diverso material de consulta dispoñible na biblioteca do centro.
- Libros de lectura obrigatoria :

Haberá un libro de lectura obrigatoria na 2ª avaliación e outra na 3ª que se decidirán nas próximas reunións de Departamento.

# 7. PROGRAMACIÓN DE 2º BACHARELATO

## 7.1. CONTEXTUALIZACIÓN

En 2º BACHARELATO temos dos grupos: 2º BACH A e 2º BACH B.

| Nivel e grupo | Nº total de alumnos | Nº alumnos con inglés pendente | Nº alumnos repetidores |
|---|---|---|---|
| 2º BACH A | 17 | 0 | -------- |
| 2º BACH B | 12 | 3 | -------- |

## 7.2. COMPETENCIAS CLAVE

A implantación da LOMCE implicou moitos cambios. Un deles é a modificación das oito competencias básicas do currículo LOE, que pasan a ser sete e a denominarse competencias clave. A nova lei renomea lixeiramente algunhas das anteriores, agrupa as relativas ao mundo científico e matemático, e elimina a autonomía persoal para substituíla por sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Deste xeito, axústase ao marco de referencia europeo.

1. **Competencia en comunicación lingüística** (CCL) Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral ou escrita.
2. **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (CMCT). A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.
3. **Competencia dixital** (CD). Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.
4. **Aprender a aprender** (CPAA). É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.
5. **Competencias sociais e cívicas** (CSC). Fan referencia ás capacidades para

relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativa e democrática na vida social e cívica.

6. **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor** (SIE). Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.
7. **CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS** (CEC). FAI REFERENCIA Á CAPACIDADE PARA APRECIAR A IMPORTANCIA DA EXPRESIÓN A TRAVÉS DA MÚSICA, AS ARTES PLÁSTICAS E ESCÉNICAS OU A LITERATURA.

## 7.3. OBXECTIVOS

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 7.4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLE EN RELACIÓN COS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE AOS QUE FAN REFERENCIA

| | Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bachillerato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Comprensión de textos orais | | | |
| • a<br>• b<br>• c<br>• f | • B1.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.<br>– Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva, detallada, etc.).<br>– Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.<br>– Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).<br>– Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. | • B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral; a información esencial; os puntos principais; os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explicitas do texto, formuladas de maneira clara; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua cando a imaxe facilita a comprensión.<br>• B1.3. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común | • PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais). | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC<br>• CD |
| | | | • PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre te- | • CCL<br>• CCA<br>• CSC<br>• CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bachillerato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.<br>• B1.2. Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis habituais: verificadores, expresivos, apelativos e fáticos. | segundo o contexto de comunicación (por exemplo, estrutura interrogativa para expresar admiración).<br>• B1.4. Comprender o esencial de conversas ou debates sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, desenvolvidos nunha linguaxe sen usos idiomáticos, e extraer información específica relevante aínda que non se comprenda a totalidade dos textos.<br>• B1.5. Recoñecer os significados e intencións comunicativas expresas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo a ironía e o humor), cando a articulación é clara.<br>• B1.6. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade normal, que traten temas tanto concretos como abstractos, incluso se son de carácter técnico cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral/profesional, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles.<br>• B1.7. Comprender as ideas principais e as específicas máis relevantes de textos gravados ou audiovisuais emitidos en lingua estándar, con claridade na fala, e sen condicións externas que dificulten a comprensión. | mas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua. | |
| | | | • PLEB1.3. Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC |
| | | | • PLEB1.4. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos. | • CCL<br>• CCA<br>• CSC<br>• CCEC |
| | | | • PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión. | • CCL<br>• CCA<br>• CSC<br>• CCEC |
| | | | • PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC<br>• CD |
| | Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción | | | |
| • a<br>• b | • B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación: | • B2.1. Coñecer, seleccionar con coidado e saber aplicar eficazmente e con certa naturalidade | • PLEB2.1. Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limi- | • CCL<br>• CAA |

| | Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bachillerato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| • c<br>• f | – Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.<br>– Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.<br>– Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.<br>– Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.<br>– Execución:<br>– Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.<br>– Aproveitamento dos coñecementos previos sacándolle o maior partido (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).<br>– Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.<br>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou paralingüísticos:<br>– Lingüísticos:<br>– Modificación de palabras de significado parecido.<br>– Definición ou parafrase dun termo ou dunha expresión.<br>– Produción de autocorrección, falsos comezos, repeticións e cir- | as estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando o discurso segundo o propósito, a situación, os interlocutores e a canle de comunicación; recorrendo á paráfrase ou a circunloquios cando non se atopa a expresión precisa, e identificando e corrixindo os erros que poidan provocar unha interrupción da comunicación.<br>• B2.2. Construír textos claros e co detalle suficiente, ben organizados e adecuados ao interlocutor e ao propósito comunicativo, sobre temas diversos, xerais e máis específicos dentro do propio campo de especialidade ou de interese, e defender un punto de vista sobre temas xerais ou relacionados coa propia especialidade, indicando os proles e os contras das opcións, así como tomar parte activa en conversas formais ou informais de certa lonxitude, desenvolvéndose cun grao de corrección e fluidez que permita manter a comunicación.<br>• B2.3. Utilizar correctamente, sen erros que conduzan a malentendidos, as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de coherencia e de cohesión de uso común e máis específico, seleccionándoos en función do propósito comunicativo no contexto concreto (por exemplo, o uso da voz pasiva en presentacións de carácter educativo, ou de frases de relativo para facer unha descrición detallada).<br>• B2.4. Ler en voz alta con énfase expresiva de xeito que poidan recoñecerse as ideas clave, utilizando o ritmo e as pautas para facer a lectura comunicativa, engadindo algún comentario persoal ao texto (aclaración de palabras, algún novo exemplo, unha alusión a experiencias compartidas, etc.) e corrixíndose con naturalidade no caso dalgunha equivocación.<br>• B2.5. Planificar e articular o texto oral segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e | tada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.). | • CSC<br>• CCEC |
| | | | • PLEB2.2. Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixárense nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade de á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC |
| | | | • PLEB2.3. Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC<br>• CD |
| | | | • PLEB 2.4. Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo; desenvolvendo argumentos de for- | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bachillerato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | cunloquios.<br>– Paralingüísticos.<br>– Petición de axuda ou clarificación.<br>– Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.<br>– Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica).<br>– Uso de sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais.<br>– Uso dos elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou ointe as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.<br>• B2.2. Rutinas ou modelos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación en contextos informais e formais máis habituais. | os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal.<br>• B2.6. Expresarse con relativa facilidade e naturalidade, e cun grao de fluidez que permita desenvolver o discurso sen moita axuda do interlocutor, aínda que poidan darse algúns problemas de formulación que retarden algo o discurso ou que requiran expor de maneira distinta o que se quere dicir.<br>• B2.7. Xestionar a interacción de maneira eficaz en situacións habituais, respectando e tomando a quenda de palabra con amabilidade e cando se desexa, e axustando a propia contribución á dos interlocutores, percibindo as súas reaccións, e defenderse en situacións menos rutineiras, e mesmo difíciles (por exemplo, cando a persoa interlocutora acapara a quenda de palabra, ou cando a súa contribución é escasa e hai que encher as lagoas comunicativas ou animala a participar). | ma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións. | |
| | | | • PLEB2.5. Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC |
| | | | • PLEB2.6. Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | |
| • a<br>• b<br>• c<br>• f | • B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial e paratextual: proveniencia do texto, imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).<br>– Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.<br>– Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).<br>– Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a | • B3.1. Uso de diferentes estratexias de lectura como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e a organización da información e o tipo de texto.<br>• B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes; información, ideas e opinións tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinalizadas; e matices como a ironía ou o humor, ou o uso poético ou estético da lingua, formulados de xeito claro.<br>• B3.3. Seguir instrucións de certa | • PLEB3.1. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou grafitti), educativo (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais). | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC |
| | | | • PLEB3.2. Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC<br>• CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bachillerato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | complexidade e extensión tanto do ámbito público como do propio da especialidade, aínda que sexa necesario apoiarse para a comprensión en soportes visuais como debuxos, bosquexos e outros.<br>• B3.4. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.<br>• B3.5. Recoñecer globalmente e con detalle a liña argumental no tratamento do asunto presentado en xornais, revistas, guías, páxinas web e novelas, e distinguir entre información, opinión e persuasión, así como comprender en textos literarios as relacións entre os personaxes e os motivos que os impulsan a actuar.<br>• B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos e relacionados cos propios intereses e as necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua e escritos sen modismos pouco frecuentes. | • PLEB3.3. Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre instrumentos de medición ou de procedementos científicos). | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC |
| | | | • PLEB3.4. Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC |
| | | | • PLEB3.5. Entende, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC<br>• CD |
| | | | • PLEB3.6. Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC |
| | | | • PLEB3.7. Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bachillerato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ou o motivo poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles. | |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción | | | |
A continuación presentamos un programa con 6 **unidades didácticas**, unha cifra que considero acertada, á hora de permitirme levar a cabo unha acción educativa máis concreta e profunda. Pola contra, desdeño a opción dun número superior debido a que podería levarme a ter que tratar a materia dun modo máis superficial, aínda que iso si, outorgándolle deste xeito unha maior variedade. No entanto, en prol de adecuar dun mellor xeito a miña metodoloxía á materia me decanto pola profundización antes que pola variedade.

Respecto á temporalización das unidades didácticas, atenderemos ao cadro que segue:

• SESIÓNS SEMANAIS: 3

• DURACIÓN DE CADA SESIÓN: 50 minutos

| **Distribución de contidos en unidades didácticas** | **Sesións** | **Avaliación** |
|---|---|---|
| Starter Unit: Inspirational people | 5 | 1ª |
| 1. Leaving school | 10 | 1ª |
| 2. Science | 10 | 1ª |
| Revision: Grammar Doctor | 1 | 1ª |
| 3. Crime | 10 | 2ª |
| 4. The environment | 10 | 2ª |
| Revision: Grammar Doctor | 1 | 2ª |
| 5. Society | 6 | 3ª |
| 6. Music | 6 | 3ª |
| Revision: Just the job! | 1 | 3ª |

## 7.8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e da propia práctica docente é imprescindible. Será global, formativa e continua para poder adoptar medidas de reforzo educativo. Para iso é necesario facer unha autoavaliación crítica da programación e das unidades para melloralas e contrastar experiencias.

Para realizar esta avaliación utilizaremos, como mínimo unha vez cada trimestre, as seguintes escalas de observación, examinaremos os resultados como departamento e tomaremos as medidas oportunas.

## Indicadores de logro do proceso de ensino

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. (se procede) | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. (se procede) | | | | |
| 8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 10. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 11. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

## Indicadores de logro da práctica docente

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. (se procede) | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en grupo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. (se procede) | | | | |
| 15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 16. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

## 7.9. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

A avaliación inicial é o punto de referencia do equipo docente na toma de decisións relativas ao desenrolo do currículo e a súa adecuación ás características do alumnado. Aporta información para poder definir, modificar ou enriquecer o proceso educativo que se ofrece ao grupo e a cada un dos alumnos cos que se vai traballar.

A información axuda na planificación educativa que ten en conta os coñecementos, capacidades e necesidades do alumnado, así como as características do entorno no que se desenrola. Esta avaliación presta tamén atención á maneira de afrontar o alumnado os seu aprendizaxe, de modo que ademais de perfilar o que hai que traballar, indica como hai que traballalo.

Para obter toda a información necesaria para unha avaliación inicial son importantes tanto os informes persoais da etapa anterior ou, no seu caso, a información aportada polo profesorado do curso anterior como os aspectos que proporcionan diversos instrumentos de avaliación.

O uso dun único instrumento de avaliación non garante a recollida de toda a información necesaria, así que usaremos varios co fin de obter unha visión o máis global posible das fortalezas e debilidades de cada estudante. Con ese obxectivo en mente, faranse varias probas específicas para coñecer o punto de partida do noso alumnado. Nestas probas avaliarase ó maior número posible de destrezas: uso da lingua (gramática e vocabulario), comprensión de textos orais e escritos (listening e reading) e expresión escrita (writing). A produción oral (speaking) poderase avaliar ben mediante unha proba en si (entrevista persoal) ou ben mediante a observación directa de actividades orais nas que o alumnado interactúa entre si.

Como consecuencia dos resultados desta avaliación inicial, tomaremos as seguintes medidas se é necesario:

- Desenrolar prácticas educativas que favorezan a participación e a aprendizaxe dos alumnos: estratexias metodolóxicas como a aprendizaxe cooperativo ou a titoría entre iguais; adecuación das actividades aos diferentes niveis de competencia curricular do alumnado; selección de diferentes materiais e recursos para a realización das actividades procurando a motivación; cambios de ubicación na aula...

- Realizar actividades de apoio, reforzo e recuperación para aqueles alumnos que o necesitan.

- Adaptacións de acceso á información, das condicións de realización das probas, etc.

- MEDIDAS ESPECÍFICAS ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS (ACS), FÓRMULAS DE ESCOLARIZACIÓN, ETC

.

## 7.10. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Segundo o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, son elementos transversais do currículo:

1. A comprensión lectora
2. A expresión oral e escrita
3. A comunicación audiovisual
4. As Tecnoloxías da Información e a Comunicación
5. O emprendemento
6. A educación cívica e constitucional

Ademais terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Como é de esperar, na materia de lingua inglesa se traballan principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en tódalas unidades; pero tamén se traballan a comunicación audiovisual e as TIC que serven de referente operativo e se procura a súa utilización ao largo do curso a través do uso de Internet (como fonte de información e práctica de diversos contidos mediante actividades interacivas), dun procesador de textos (para a expresión e creación persoal), de vídeos, de actividades con vocabulario típico da linguaxe multimedia (blogs, e-mails, foros)...

Igualmente, o emprendemento se traballará tentando que os alumnos teñan confianza en si mesmos, tomen a iniciativa para realizar diferentes actividades e as poñan en práctica na vida real. Con estes obxectivos, invitarase aos alumnos a expresar as súas opinións persoais, a contrastar as súas ideas, a buscar orientación ou axuda cando a necesiten, a compartir e a organizar o traballo en grupo.

A educación cívica e constitucional é un referente permanente nas actividades da materia e nas relacións interpersoais, tanto entre os propios alumnos como nas súas relacións e comunicación co profesor. Resultan de especial relevancia as accións para a mellora da convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo, a empatía e a resolución de conflitos.

## 7.11. MECANISMOS DE REVISIÓN,AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESO DE MELLORA

A programación didáctica se revisará periodicamente utilizando a escala de observación que aparece a continuación, se analizarán os seus resultados en reunións de departamento e se tomarán as medidas oportunas para a súa mellora.

### ESCALA DE OBSERVACIÓN

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto. | | | | |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| 16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. | | | | |
| 18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. | | | | |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. | | | | |
| 20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. | | | | |
| 21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| 22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | |
| 23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. (se procede) | | | | |
| 24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |
| 25. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| 26. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 27. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |

## 7.12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A diversidade de alumnado esixe diversidade de materiais para poder responder en consonancia co principio de individualización do ensino. No que á selección de materiais refírese, trátase de escoller aqueles que interesen aos alumnos e de elixir contidos relevantes, ademais de propiciar actividades favorables ás novas aprendizaxes tecnolóxicas.

O centro ofrece unha ampla gama de materiais e recursos didácticos como medios audiovisuales, aulas de informática e, sobre todo, relacionada coa nosa materia, unha biblioteca, a cuxo emprego procederemos a instar ao noso alumnado.

- Materiais impresos: empregarase libro de texto **Macmillan Award 2 Student's book** e máis os libros de traballo **Macmillan Award 2 Workbook** e **Macmillan Award 2 Exam Builder**; para outros contidos de interese que xurdan o profesor expoñerá os mesmos e proporcionará todo o material que considere oportuno en forma de fotocopias.
- Materiais informáticos ou novas tecnoloxías: en consonancia coa sociedade, as novas tecnoloxías deben xogar un importante papel instrumental na formación do alumnado. Os recursos telemáticos, como Internet poden ser empregados no desenvolvemento de diversos contidos, por exemplo coas páxinas, presentadas na sesións. Ademais, utilizarase o canón para visualizar os cadros e o material que o profesor levou impreso, pero desde o ordenador portátil.
- Material audiovisual: para buscar unha relación directa entre a materia e o mundo que nos rodea, intentarase visualizar fragmentos ou a totalidade de versións cinematográficas de obras relacionadas co temario e/ou documentais.

**a) Para o profesor**

- Libro de texto **Macmillan Award 2 Student's book** e máis os libros de traballo **Macmillan Award 2 Workbook** e **Macmillan Award 2 Exam Builder.**
- Presentacións en Power Point de elaboración propia.
- Proxector e ordenador de aula.

**b) Para o Alumno:**

- Libro de texto **Macmillan Award 2 Student's book.**
- Apuntes da materia proporcionados polo profesor.
- Material complementario da materia proporcionados polo profesor.
- Diverso material de consulta dispoñible na biblioteca do centro.

# 8. PROGRAMACIÓN PARA A ACTIVIDADE FORMATIVA EN LINGUA ESTRANXEIRA PARA O ALUMNADO MATRICULADO NOS CICLOS FORMATIVOS PLURILINGÜES DE GRAO SUPERIOR (CICLO SUPERIOR DE DESEÑO E AMOBLAMENTO (DUAL) E CICLO SUPERIOR DE DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS MULTIPLATAFORMA (DUAL)

## 8.1. CONTEXTUALIZACIÓN

A necesidade de impartir esta materia deriva da RESOLUCIÓN do 9 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües para o curso 2022-2023.

Esta materia extracurricular terá unha duración de polo menos 53 horas por curso escolar e ten como finalidade impulsar a aprendizaxe de idiomas estranxeiros, que está recollida na estratexia galega de linguas estranxeiras 2020 (EDUlingüe).

Como esta asignatura é de obrigada impartición para os centros pero o seguimento da mesma é voluntario para o alumnado, neste momento non dispoñemos de datos sobre o número de alumnos/as que asistirán a ela. Tampouco temos información sobre o nivel de lingua real do alumnado, pero tendo en conta que se pretende que os alumnos/as de ciclos de grado superior adquiran un nivel avanzado B2 ou superior, os contidos impartidos neste curso se centrarán no nivel B1 para que no futuro poidan obter a certificación oficial correspondente.

## 8.2. RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

RA1. Recoñece información específica do ámbito profesional do título contida en discursos orais claros e extensos, emitidos en lingua estranxeira, e interpreta con precisión o contido da mensaxe.

-CA1.1. Identificouse a idea principal de mensaxes e de conversas propias do ámbito profesional, sen necesidade de entender o discurso na súa totalidade.

-CA1.2. Recoñeceuse a finalidade da mensaxe directa, telefónica ou por outro medio auditivo.

-CA1.3. Extraéronse informacións específicas da mensaxe.

-CA1.4. Extraéronse as ideas principais de conferencias, charlas, e outras formas de presentación académica e profesional.

-CA1.5. Comprendéronse as instrucións orais que poidan darse en procesos de comunicación do seu ámbito profesional.

-CA1.6. Identificáronse os rexistros utilizados para a emisión da mensaxe.

-CA1.7. Identificáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral.

RA2. Interpreta información contida en textos escritos complexos en lingua estranxeira relacionados co ámbito profesional do título, e analiza de xeito comprensivo os seus contidos.

-CA2.1. Comprendéronse textos específicos do seu ámbito profesional e extraeuse a información máis relevante.

-CA2.2. Interpretouse o contido global da mensaxe na que se utiliza a terminoloxía máis habitual.

-CA2.3. Interpretouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes.

-CA2.4. Léronse con independencia distintos tipos de textos, co apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.

-CA2.5. Realizáronse traducións directas e inversas de textos específicos utilizando materiais de consulta e dicionarios técnicos.

-CA2.6. Identificáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita.

RA3. Produce mensaxes orais claras e ben estruturadas, e participa como axente activo/a en conversas do ámbito profesional do título, analizando o contido da situación e adaptándose ao rexistro lingüístico do/da interlocutor/a.

-CA3.1. Expresouse con fluidez, precisión e eficacia sobre unha ampla serie de temas profesionais, marcando con claridade a relación entre as ideas.

-CA3.2. Utilizáronse os rexistros adecuados para a emisión da mensaxe.

-CA3.3. Realizáronse de maneira clara presentacións breves e preparadas sobre untema dentro da súa especialidade.

-CA3.4. Preparouse unha presentación persoal para unha entrevista de traballo.

-CA3.5. Emitíronse mensaxes orais precisas e concretas para resolver situacións puntuais.

-CA3.6. Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión en producións orais.

-CA3.7. Describiuse con fluidez o seu contorno profesional máis próximo co uso das estratexias de comunicación necesarias.

-CA3.8. Describíronse imprevistos relacionados coa profesión.

-CA3.9. Describiuse e secuenciouse un proceso de traballo da súa competencia.

-CA3.10. Xustificouse a aceptación ou o rexeitamento de propostas realizadas.

-CA3.11. Solicitouse a reformulación do discurso ou de parte del, cando se considerou que cumpría.

-CA3.12. Respectáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na expresión oral.

RA4. Elabora e cobre documentos de carácter técnico e informes propios do ámbito profesional do título, consonte modelos e formatos habituais na lingua estranxeira.

-CA4.1. Producíronse textos relacionados con aspectos profesionais e organizouse a información de xeito coherente e cohesionado.

-CA4.2. Cubriuse documentación específica do seu campo profesional.

-CA4.3. Realizáronse resumos de textos relacionados co seu contorno profesional.

-CA4.4. Utilizáronse correctamente a terminoloxía e o vocabulario específico da profesión, en textos escritos.

-CA4.5. Utilizáronse as fórmulas de cortesía en presentacións e despedidas propias do

documento que se vaia elaborar.

-CA4.6. Describiuse e secuenciouse un proceso de traballo da súa competencia.

-CA4.7. Describíronse as competencias propias do contorno laboral.

-CA4.8. Elaborouse a resposta a unha solicitude de emprego a partir dunha oferta de traballo.

-CA4.9. Elaborouse un curriculum vitae.

-CA4.10. Respectáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na expresión escrita.

## 8.3. CONTIDOS BÁSICOS

BC1. Interpretación de discursos orais claros e extensos, emitidos en lingua estranxeira, no ámbito profesional do título

-Procesos de comunicación no seu ámbito profesional. Instrucións orais.

-Mensaxes orais e conversas propias do ámbito profesional. Idea principal.

-Finalidade. Informacións específicas. Rexistros.

-Presentacións académicas e profesionais. Conferencias. Charlas.

-Terminoloxía do ámbito profesional.

-Recursos lingüísticos para a interpretación de discursos orais extensos.

-Usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, nacomprensión oral.

BC2. Interpretación de mensaxes escritas complexas, emitidas en lingua estranxeira, no ámbito profesional do título.

-Textos específicos do ámbito profesional. Relevancia da información.

-Vocabulario específico do ámbito profesional.

-Lectura de textos con apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.

-Tradución directa e inversa de textos específicos.

-Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.

-Usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, nacomprensión oral.

BC3. Produción de mensaxes orais e participación en conversas, en lingua estranxeira, no ámbito profesional do título

-Organización da información en textos orais.

-Rexistros na comunicación oral. Adecuación ao ámbito profesional.

-A entrevista de traballo e a presentación persoal, en lingua estranxeira.

-Terminoloxía do ámbito profesional.

-Estratexias de comunicación no ámbito profesional. Mantemento da fluidez da conversa

-.Recursos lingüísticos para a produción de mensaxes orais e para a participación en conversas.

-Usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión oral.

BC4. Elaboración e formalización de documentos escritos en lingua estranxeira, no ámbito profesional do título

-Organización da información en textos escritos.

-Resumo e formalización de documentación. Documentos de carácter técnico e laboral.

-Vocabulario específico do ámbito profesional.

-Elaboración de respostas a ofertas de traballo e de solicitudes de emprego.Elaboración do curriculum vitae.

-Recursos lingüísticos para a elaboración e a formalización de documentos escritos.

-Usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión escrita.

## 8.4. ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS

Este módulo profesional contén a formación necesaria para alcanzar unha competencia comunicativa eficaz en lingua estranxeira, requirida para o desenvolvemento da actividade formativa do alumnado, para a súa inserción laboral e para o seu futuro exercicio profesional.

Para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa eficaz cómpre introducir o contexto profesional propio do perfil do título nas actividades de ensino e aprendizaxe.

A formación do módulo é de carácter transversal e, xa que logo, contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo e as competencias xerais do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Desenvolvemento das destrezas de comprensión e expresión na lingua estranxeira, tanto oralmente como por escrito, para o ámbito profesional do título.

- Competencia comunicativa do alumnado como persoa usuaria independente da lingua estranxeira, no ámbito profesional do ciclo formativo.

- Estratexias didácticas que incorporen o uso da lingua estranxeira en actividades propias do ámbito profesional do título.

- Vocabulario específico correspondente á terminoloxía do sector profesional.

- Contextos cultural e sociolingüístico, e uso pragmático da lingua estranxeira.

- Utilización das técnicas de comunicación para potenciar o traballo en equipo.

- Uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

### 8.5. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS EN UNIDADES DIDÁCTICAS

A seguinte táboa reflicte o número de sesións que se deberían adicar a cada unidade didáctica.

Teráse en conta que cada sesión equivale a un periodo de 50 minutos

| UNIDADES | TÍTULO | NUMERO DE SESIÓNS PREVISTAS |
|---|---|---|
| 0 | Introduction<br>(getting to know you, initial assessment) | 3 |
| 1 | People<br>(physical description, personality and hobbies, body language, stereotypes) | 7 |
| 2 | Travelling<br>(travel agencies, means of transport :airports etc, renting a car,directions | 9 |
| 3 | Hotels<br>(hotel facilities, booking, complaints, checking in and out) | 9 |
| 4 | Food and restaurants<br>(cooking, food, menus, ordering at a restaurant, complaints) | 9 |
| 5 | Health and doctors<br>(symptoms, going to the doctor, making an appointment) | 4 |
| 6 | Jobs & Money<br>(a job interview, a CV, applying for a job, qualifications & benefits, machine instructions ) | 8 |
| 7 | Specific vocabulary, | 4 |

### 8.6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Farase unha avaliación inicial non só para coñecer as fortalezas e debilidades do alumnado matriculado, senón tamén para asegurarnos de que o nivel de lingua proposto para esta materia é o adecuado ó alumnado matriculado.  A avaliación inicial consistirá en pequenas actividades orais individuais e grupais, nunha serie de actividades de comprensión leitora e auditiva graduadas en canto a nivel de dificultade e nunha pequena actividade de expresión escrita.

Tamén se levará a cabo avaliación formativa co fin de valorar o nivel de comprensión do alumnado e planificar da mellor maneira posible o desenvolvemento desta materia. Ademais da observación do traballo diario da clase, o alumnado realizará actividades de expresión escrita e oral que, de vez en cando, estarán baseadas nos modelos de exames para *writing* e *speaking* das EOIs. Estas actividades avaliaránse usando as mesma rúbricas que as EOIs galegas usan para os exames de certificación do nivel B1 co fin de familiarizar ó alumnado cos instrumentos de avaliación que se usarán no caso de que decidan presentarse ós exames de certificación. Porén, os resultados obtidos serán meramente orientativos tanto para o alumnado como para a profesora. Ós primeiros deberían servirlles como guía obxectiva para avaliar o progreso realizado e como punto de reflexión para reconducir o proceso de aprendizaxe se fora preciso. Á segunda deberían proporcionarlle datos sobre a consecución ou non dos obxectivos propostos e para establecer medidas de reforzo ou ampliación, se foran necesarias.

Como a diferencia de anos anteriores, este curso esta actividade extracurricular é avaliable, todo o alumnado terá que realizar unha proba para comprobar se adquiron os obxectivos propostos. Dita proba consistirá en varias partes, ás que se lles outorgará o valor sobre a nota total reflectido abaixo:

- Comprensión lectora (reading): 25%
- Comprensión oral (listening): 25%
- Expresión escrita (writing): 25%
- Expresión oral (speaking): 25%

Unha vez recibidas instrucións da Consellería de Educación decidirase se a cualificación final se expresa en termos de APTO/ NON APTO ou cun valor numérico.

## 8.7. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A presente proposta de programación didáctica non debe considerarse como algo inamovible, senón como un instrumento flexible que nos permita adaptarnos e adecuarnos ás necesidades do alumnado matriculado nesta materia. Polo tanto, será preciso que tanto o alumnado como a profesora fagan unha autoavaliación crítica da programación e das unidades didácticas para melloralas, enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe e implementar os cambios necesarios que se precisen para garantir a consecución dos obxectivos propostos. Con este fin en mente usaranse as seguintes táboas:

**Para a profesora**

| Indicadores do logro do proceso de ensino | Escala |
|---|---|
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado | 1 2 3 4 5 |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe | 1 2 3 4 5 |
| 3. Conseguiuse motivar ó alumnado | 1 2 3 4 5 |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado | 1 2 3 4 5 |
| 5. Adoptáronse as medidas precisas para atender ó alumnado con NEAE | 1 2 3 4 5 |
| 6. Atendeuse adecuadadmente á diversidade do alumnado | 1 2 3 4 5 |
| 7. Usáronse distintos instrumentos de avaliación | 1 2 3 4 5 |
| 8. Fíxose un seguimento exhaustivo do traballo na aula | 1 2 3 4 5 |

| Indicadores do logro da práctica docente | Escala |
|---|---|
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado | 1 2 3 4 5 |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións e aclaracións individuais que precisa | 1 2 3 4 5 |
| 3. Escóllense actividades atendendo á diversidade | 1 2 3 4 5 |
| 4. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en funcións dos obxectivos a acadar | 1 2 3 4 5 |
| 5. Combínase o traballo individual co traballo en grupos de distinto tamaño | 1 2 3 4 5 |
| 6. Poténcianse estratexias de animación á leitura | 1 2 3 4 5 |
| 7. Poténcianse estratexias de expresión e comprensión oral | 1 2 3 4 5 |
| 8. Poténcianse estratexias de expresión e comprensión escrita | 1 2 3 4 5 |
| 9. Incorpóranse as TICs ós procesos de ensino aprendizaxe | 1 2 3 4 5 |
| 10. Ofrécense ó alumnado os resultados das probas e traballos de forma rápida | 1 2 3 4 5 |
| 11. Dáselle ó alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros | 1 2 3 4 5 |
| 12. Avalíase a eficacia das medidas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación | 1 2 3 4 5 |

**Para o alumnado**

| | Escala |
|---|---|
| 1. En xeral, as explicacións da profesora para todo o grupo son suficientes e claras | 1 2 3 4 5 |
| 2. A profesora ofreceume explicacións ou aclaracións individuais cando as precisei | 1 2 3 4 5 |
| 3. Na clase facemos unha variedade de actividades diferentes | 1 2 3 4 5 |
| 4. Na clase combínase o traballo individual co traballo en grupos de maior ou menor tamaño | 1 2 3 4 5 |
| 5. A profesora tentou incentivarnos a ler | 1 2 3 4 5 |
| 6. A profesora axudounos a usar estratexias de expresión e comprensión oral (ex. axudarnos a predicir a información necesaria, proporcionar exemplos, etc) | 1 2 3 4 5 |
| 7. A profesora axudounos a usar estratexias de expresión e comprensión escrita (ex. dunos modelos de *writing*) | 1 2 3 4 5 |
| 8. Na clase usamos as TICs (ex. pizarra dixital, recursos de internet, móbiles, etc) | 1 2 3 4 5 |
| 9. Recibimos os resultados dos traballos e exames de forma rápida (= arredor dunha semana despois de realizalos) | 1 2 3 4 5 |
| 10. Deusenos a oportunidade de ver os erros e acertos que tivemos (= puidemos ver os traballos realizados unha vez corrixidos) | 1 2 3 4 5 |
| 11. Puidemos comentar os erros e acertos que tivemos nos traballos realizados | 1 2 3 4 5 |
| 12. As medidas de reforzo, apoio e ampliación (=material de repaso, recuperación, etc) foron útiles | 1 2 3 4 5 |

## 8.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A diversidade do alumnado fai precisa a utilización dunha variedade ampla de materiais e recursos didácticos para poder responder ó principio de individualización do proceso de ensino aprendizaxe na medida do posible. Polo tanto, ademais de usar certas aulas específicas das que dispón o centro, tales como a aula de informática ou a biblioteca, botaremos man das pizarras dixitais coas que contan a meirande parte das aulas do centro.

No tocante ó material de uso máis habitual habería que destacar o seguinte:

- **Material impreso**: O profesor proporcionará unha variedade de recursos impresos para traballar o léxico, a gramática e a expresión oral, dos que se botará man de forma frecuente. Usaránse, igualmente, recursos descargables de Internet e material de elaboración propia que se lles entregarán ós alumnos en forma de fotocopias ou de fichas.
- **Materiais informáticos ou en formato electrónico**: as novas tecnoloxías xogan un papel instrumental na formación do alumnado e a existencia de pizarras dixitais

e canóns na meirande parte das aulas do centro facilita enormemente a utilización de recursos dixitais e en liña. Usaránse principalmente recursos encamiñados a incorporar a gamificación na aula (ex. Flipquiz, Kahoot, etc.

- **Material audiovisual**: visionaránse os vídeos contidos no libro de texto e botarase man de material de Youtube ou outras canles semellantes que resulten útiles para o desenvolvemento do curso.

# 9. PROGRAMACIÓN PARA A ACTIVIDADE FORMATIVA EN LINGUA ESTRANXEIRA PARA O ALUMNADO MATRICULADO NOS CICLOS FORMATIVOS PLURILINGÜES DE GRAO SUPERIOR (CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS II) E CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS EN REDE)(DUAL)

## 9.1. CONTEXTUALIZACIÓN

A necesidade de impartir esta materia deriva da RESOLUCIÓN do 9 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües para o curso 2022-2023.

Esta materia extracurricular terá unha duración de polo menos 53 horas por curso escolar e ten como finalidade impulsar a aprendizaxe de idiomas estranxeiros, que está recollida na estratexia galega de linguas estranxeiras 2020 (EDUlingüe).

Como esta asignatura é de obrigada impartición para os centros pero o seguimento da mesma é voluntario para o alumnado, neste momento non dispoñemos de datos sobre o número de alumnos/as que asistirán a ela.

Terase en conta que se pretende que os alumnos/as de ciclos de grado superior adquiran un nivel avanzado B2 ou superior e polo tanto, traballarase neste curso para acadar no futuro a certificación oficial de nivel B2.

## 9.2. RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

RA1. Interpreta información do ámbito profesional do título en textos orais e conversas complexas, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio.

-CA1.1. Identificáronse a idea principal e as secundarias de textos orais e de conversas

propios do ámbito profesional.

-CA1.2. Extraéronse informacións específicas de mensaxes complexas.

-CA1.3. Comprendéronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, e identificáronse as pautas de cortesía asociadas.

-CA1.4. Identificáronse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira.

-CA1.5. Interpretouse en textos orais información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional.

-CA1.6. Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral.

RA2. Interpreta información profesional do ámbito do título en textos escritos e documentos,en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio.

-CA2.1. Identificáronse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira.

-CA2.2. Interpretouse en textos escritos información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional.

-CA2.3. Interpretáronse estatísticas e gráficos en lingua estranxeira sobre o ámbito profesional.

-CA2.4. Léronse e comprendéronse, con un alto grao de independencia, distintos ti-pos de textos.

-CA2.5. Identificouse o contido de artigos, noticias e informes sobre temas profesionais.

-CA2.6. Analizouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes.

-CA2.7. Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita.

RA3. Produce mensaxes orais e mantén conversas en lingua estranxeira, en situacións habituais do ámbito profesional do título.

-CA3.1. Expresouse con fluidez sobre temas profesionais, marcando con claridade a

relación entre as ideas.

-CA3.2. Utilizáronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, consonte as pautas de cortesía asociadas.

-CA3.3. Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais.

-CA3.4. Utilizouse un vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación.

-CA3.5. Comunicouse espontaneamente utilizando correctamente nexos e estratexias de interacción, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.

-CA3.6. Formuláronse as preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta da mensaxe.

-CA3.7. Proporcionáronse as respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas.

-CA3.8. Transmitíronse con fluidez mensaxes relativas a calquera eventualidade.

-CA3.9. Atendéronse consultas telefónicas propias do ámbito profesional.

-CA3.10. Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión oral.

RA4. Redacta e cobre documentos de carácter profesional no ámbito do título, coa cohesión e a coherencia requiridas para unha comunicación eficaz.

-CA4.1. Formalizáronse con corrección e empregando a terminoloxía específica formularios, informes breves e outro tipo de documentos normalizados ou rutineiros.

-CA4.2. Redactáronse cartas, correos electrónicos, notas e informes consonte as convencións apropiadas para estes textos.

-CA4.3. Resumíronse informacións de revistas, folletos e outras fontes, sobre asuntos relacionados co ámbito profesional

-CA4.4. Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos escritos.

-CA4.5. Elaboráronse documentos propios da actividade profesional cunha estrutura coherente e con cohesión, empregando o vocabulario e os signos de puntuación

adecuados.

-CA4.6. Elaboráronse documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades.

-CA4.7. Redactouse a carta de presentación para unha oferta de emprego.

-CA4.8. Elaborouse un curriculum vitae no modelo europeo (Europass) ou outros propios dos países da lingua estranxeira.

-CA4.9. Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión escrita.

## 9.3. CONTIDOS BÁSICOS

BC1. Interpretación de información do ámbito profesional do título en textos orais e conversas complexos, en lingua estranxeira

-Textos orais e conversas propios do ámbito profesional. Idea principal e ideas secundarias. Finalidade. Informacións específicas. Rexistros.

-Comprensión de mensaxes complexas propias do ámbito profesional.

-Mensaxes de saúdo e de despedida. Formas de presentación lingüisticamente complexas. Pautas de cortesía asociadas.

-Ferramentas de apoio para a interpretación da lingua estranxeira.

-Recursos lingüísticos para a tradución da lingua estranxeira.

-Interpretación de información sobre produtos e servizos do ámbito profesional.

.Terminoloxía do ámbito profesional.

-Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión oral.

BC2. Interpretación de escritos e documentos en lingua estranxeira, no ámbito profesional do título

Textos específicos do ámbito profesional. Servizos e produtos do ámbito.

-Comprensión independente de diferentes tipos de textos.

-Interpretación de gráficos e estatísticas.

-Lectura de textos con apoio de materiais de consulta e dicionarios técnicos.

-Información específica en mensaxes técnicas.

-Recursos lingüísticos para a interpretación de mensaxes escritas complexas.

-Análise pragmática, cultural e sociolingüística da lingua estranxeira, na comprensión escrita.

BC3. Produción de mensaxes orais e participación en conversas en lingua estranxeira, en situacións habituais do ámbito profesional do título

-Estratexias comunicativas para unha expresión fluída sobre temas profesionais. Relación entre as idease mantemento da claridade no discurso oral.

-Mensaxes de saúdo, presentación e despedida. Produción consonte as pautas de cortesía asociadas.

-Fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais.

-Vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación.

-Estratexias de interacción en conversas habituais do ámbito profesional. Uso correcto de nexos. Nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.

-Preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta dunha mensaxe. Respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas.

-Fluidez na transmisión de mensaxes relativas a calquera eventualidade.

-Consultas telefónicas propias do ámbito profesional.

-Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión oral.

BC4. Redacción e formalización de documentos de carácter profesional en lingua estranxeira, no ámbito profesional do título

-Formalización de formularios, informes breves e outros documentos normalizados ou rutineiros.

-Redacción de cartas, correos electrónicos, notas e informes.

-Estrutura coherente e recursos cohesivos.

-Vocabulario específico do ámbito profesional.

-Elaboración de documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades.

-Redacción de cartas de presentación para ofertas de emprego.

-Elaboración do curriculum vitae.

-Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión escrita.

## 9.4. ORIENTACIÓNS PEDAGÓXICAS

Este módulo profesional contén a formación necesaria para alcanzar unha competencia comunicativa eficaz en lingua estranxeira, requirida para o desenvolvemento da actividade formativa do alumnado, para a súa inserción laboral e para o seu futuro exercicio profesional.

Para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa eficaz cómpre introducir o contexto profesional propio do perfil do título nas actividades de ensino e aprendizaxe.

A formación do módulo é de carácter transversal e, xa que logo, contribúe a alcanzar os obxectivos xerais do ciclo formativo e as competencias xerais do título.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

- Desenvolvemento das destrezas de comprensión e expresión na lingua estranxeira, tanto oralmente como por escrito, para o ámbito profesional do título.

- Competencia comunicativa do alumnado como persoa usuaria independente da lingua estranxeira, no ámbito profesional do ciclo formativo.

- Estratexias didácticas que incorporen o uso da lingua estranxeira en actividades propias do ámbito profesional do título.

- Vocabulario específico correspondente á terminoloxía do sector profesional.

- Contextos cultural e sociolingüístico, e uso pragmático da lingua estranxeira.

- Utilización das técnicas de comunicación para potenciar o traballo en equipo.

- Uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

### 9.5 TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS EN UNIDADES DIDÁCTICAS

A seguinte táboa reflicte o número de sesións que se deberían adicar a cada unidade didáctica.

Terase en conta que cada sesión equivale a un período de 50 minutos

| UNIDADES | TÍTULO | NUMERO DE SESIÓNS PREVISTAS |
|---|---|---|
| 0 | Introduction<br>(getting to know you, initial assessment) | 3 |
| 1 | People<br>(physical description, personality and hobbies, body language, stereotypes) | 7 |
| 2 | Travelling<br>(travel agencies, means of transport :airports etc, renting a car,directions | 9 |
| 3 | Hotels<br>(hotel facilities, booking, complaints, checking in and out) | 9 |
| 4 | Food and restaurants<br>(cooking, food, menus, ordering at a restaurant, complaints) | 9 |
| 5 | Health and doctors<br>(symptoms, going to the doctor, making an appointment) | 4 |
| 6 | Jobs & Money<br>(a job interview, a CV, applying for a job, qualifications & benefits, machine instructions ) | 8 |
| 7 | Specific vocabulary, | 4 |

## 9.6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Farase unha avaliación inicial non só para coñecer as fortalezas e debilidades do alumnado matriculado, senón tamén para asegurarnos de que o nivel de lingua proposto para esta materia é o adecuado ó alumnado matriculado.  A avaliación inicial consistirá en pequenas actividades orais individuais e grupais, nunha serie de actividades de comprensión lectora e auditiva graduadas en canto a nivel de dificultade e nunha pequena actividade de expresión escrita.

Tamén se levará a cabo avaliación formativa co fin de valorar o nivel de comprensión do alumnado e planificar da mellor maneira posible o desenvolvemento desta materia. Ademais da observación do traballo diario da clase, o alumnado realizará actividades de expresión escrita e oral que, de vez en cando, estarán baseadas nos modelos de exames para *writing* e *speaking* das EOIs. Estas actividades avaliaranse usando as mesma rúbricas que as EOIs galegas usan para os exames de certificación do  nivel B2 co fin de familiarizar ó alumnado cos instrumentos de avaliación que se usarán no caso de que decidan presentarse ós exames de certificación. Porén, os resultados obtidos serán meramente orientativos tanto para o alumnado como para a profesora. Ós primeiros deberían servirlles como guía obxectiva para avaliar o progreso realizado e como punto de reflexión para reconducir o proceso de aprendizaxe se fora preciso. Á segunda deberían proporcionarlle datos sobre a consecución ou non dos obxectivos propostos e para establecer medidas de reforzo ou ampliación, se foran necesarias.

Como a diferencia de anos anteriores, este curso esta actividade extracurricular é avaliable, todo o alumnado terá que realizar unha proba para comprobar se adquiron os obxectivos propostos. Dita proba consistirá en varias partes, ás que se lles outorgará o valor sobre a nota total reflectido abaixo:

- Comprensión lectora (reading): 25%
- Comprensión oral (listening): 25%
- Expresión escrita (writing): 25%
- Expresión oral (speaking): 25%

Unha vez recibidas instrucións da Consellería de Educación decidirase se a cualificación final se expresa en termos de APTO/ NON APTO ou cun valor numérico.

## 9.7. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

- Materiais impresos: empregarase libro de texto **Burlington Bridges for Bachillerato 2 Student's book ,** o libro de traballo **Burlington Bridges for Bachillerato 2 Workbook** e máis a **Guía do alumnado de bacharelato semipresencial** para Inglés II publicada pola Xunta; para outros contidos de interese que xurdan o profesor expoñerá os mesmos e proporcionará todo o material que considere oportuno en forma de fotocopias.
- Materiais informáticos ou novas tecnoloxías: en consonancia coa sociedade, as novas tecnoloxías deben xogar un importante papel instrumental na formación do alumnado. Os recursos telemáticos, como Internet poden ser empregados no desenvolvemento de diversos contidos, por exemplo coas páxinas, presentadas na sesións. Ademais, utilizarase o canón para visualizar os cadros e o material que o profesor levou impreso, pero desde o ordenador. Ademais, debido ao carácter semipresencial deste curso, habilitaremos unha **Aula Virtual** para o alumnado no que se colgarán todos os materiais utilizados en clase e algún material extra que consideremos útil ou interesante.

**a) Para o profesor**

- Libro de texto **Burlington Bridges for Bachillerato 2 Student's book o libro de traballo Burlington Bridges for Bachillerato 2 Workbook** e máis a **Guía do alumnado de bacharelato semipresencial** para Inglés II publicada pola Xunta
- Presentacións en Power Point de elaboración propia.
- Proxector e ordenador de aula.

**b) Para o Alumno:**

- Apuntes da materia proporcionados polo profesor.

- Material complementario da materia proporcionados polo profesor.
- Diverso material de consulta dispoñible na biblioteca do centro

# 12. CICLOS FORMATIVOS E MÓDULOS PROFESIONAIS

## 12.1. C.S. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS I - MÓDULO PROFESIONAL – INGLÉS – MP 0179

**VÉXASE APLICACIÓN INFORMÁTICA PROGRAMACIÓNS DE FP.**

| código MP | nome | curso | sesións semanais | horas anuais |
|---|---|---|---|---|
| MP 0179 | INGLÉS | 1º | 6 | 160 |

**PROFESORA RESPONSABLE**→ SOCORRO GOLDAR PAZOS

## 12.2. 1º FP BÁSICA DE INFOFI - MÓDULO COMUNICACIÓN E SOCIEDADE 1 – INGLÉS – MP

**VÉXASE APLICACIÓN INFORMÁTICA PROGRAMACIÓNS DE FP.**

| código MP | nome | curso | sesións semanais | horas anuais |
|---|---|---|---|---|
| MP | INGLÉS | 1º | 2 | 59 |

**PROFESORA RESPONSABLE** ELENA CALVIÑO RIVEIRA

## 12.3. 1º FP BÁSICA DE CARPINTARÍA E MOBLE – MÓDULO COMUNICACIÓN E SOCIEDADE 1 – INGLÉS – MP 3011

**VÉXASE APLICACIÓN INFORMÁTICA PROGRAMACIÓNS DE FP.**

| código MP | nome | curso | sesións semanais | horas anuais |
|---|---|---|---|---|
| MP | INGLÉS | 1º | 2 | 59 |

**PROFESORA RESPONSABLE** PATRICIA ALONSO JANEIRO

## 12.4. 1º FP BÁSICA DE MANVEH – MÓDULO COMUNICACIÓN E SOCIEDADE 1 - INGLÉS – MP 3011

**VÉXASE APLICACIÓN INFORMÁTICA PROGRAMACIÓNS DE FP.**

| código MP | nome | curso | sesións semanais | horas anuais |
|---|---|---|---|---|
| MP | INGLÉS | 1º | 2 | 59 |

**PROFESORA RESPONSABLE** PATRICIA ALONSO JANEIRO

## 12.5. 2º FP BÁSICA DE INFOFI - MÓDULO COMUNICACIÓN E SOCIEDADE 2 – INGLÉS – MP

**VÉXASE APLICACIÓN INFORMÁTICA PROGRAMACIÓNS DE FP.**

| código MP | nome | curso | sesións semanais | horas anuais |
|---|---|---|---|---|
| MP | INGLÉS | 2º | 2 | 34 |

**PROFESORA RESPONSABLE** ALBA AMINATA FAYE PÉREZ

### 12.6. 2º FP Básica de MANVEH – Módulo Comunicación e Sociedade 2 – Inglés – MP 3012

**VÉXASE APLICACIÓN INFORMÁTICA PROGRAMACIÓNS DE FP.**

| código MP | nome | curso | sesións semanais | horas anuais |
|---|---|---|---|---|
| MP | INGLÉS | 2º | 2 | 34 |

**<u>PROFESORA RESPONSABLE</u>** ALBA AMINATA FAYE PÉREZ

### 12.7. 2º FP Básica de Carpintaría e Moble - Módulo Comunicación e Sociedade 2 – Inglés – MP 3012

**VÉXASE APLICACIÓN INFORMÁTICA PROGRAMACIÓNS DE FP.**

| código MP | nome | curso | sesións semanais | horas anuais |
|---|---|---|---|---|
| MP | INGLÉS | 2º | 2 | 34 |

**<u>PROFESORA RESPONSABLE</u>** ALBA AMINATA FAYE PÉREZ

## 13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, di que as Administracións educativas teñen que asegurar os recursos necesarios para aqueles alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais ou por dificultades específicas de aprendizaxe ou polas súas altas capacidades intelectuais. Os centros contarán coa debida organización escolar, incluída a flexibilización das etapas educativas, e realizarán as adaptacións precisas para facilitar a todo o alumnado a consecución dos fins establecidos.

A atención á diversidade tamén implica que os profesores desenvolvamos estratexias que nos permitan a posibilidade de ter diferentes niveis de actuación cos nosos alumnos no día a día polo que é preciso resaltar que as seguintes situacións requiren a nosa adecuación á realidade de cada grupo:

- Atención á diversidade de coñecementos previos.

Antes de abordar os contidos específicos de cada tema, debemos realizar algunhas actividades de avaliación inicial que nos permitan detectar cal é o nivel de partida dos alumnos. Isto permitiranos afianzar conceptos anteriores que pensamos están sabidos e que poden supor un obstáculo na construción de novos coñecementos.

- Atención á diversidade de aptitudes e ritmos de aprendizaxe.

As actividades que propomos na aula deben ir en orde crecente de dificultade para ir salvando os distintos niveis de aprendizaxe dos alumnos. Tamén debemos ter planificadas *actividades de reforzo* para os alumnos que teñen máis dificultade en asimilar conceptos novos e *actividades de ampliación* para os alumnos máis avantaxados e que poden profundar ou alcanzar un nivel de complexidade superior.

- Atención á diversidade de gustos e intereses.

Este aspecto é importante se queremos incidir na motivación dos nosos alumnos. Facer referencia a contextos diversos vai facilitar a implicación do alumnado. Ao mesmo tempo que debemos atender aos distintos estilos de aprendizaxe que presentan, programando distintos tipos de actividades: manipulativas, conceptuais, de resolución directa, ou actividades abertas que poidan realizarse a través de varios camiños alternativos.

A continuación describimos o tipo de necesidades, en xeral, que presenta o noso alumnado e as pautas xerais para a nosa resposta educativa.

## 1) <u>ESPECIAIS</u>

### a) Trastornos xeneralizados do desenvolvemento (TEA) Síndrome Asperger

O Síndrome de Asperger é o trastorno que presenta un pronóstico máis favorable. Parece afectar en maior proporción aos varóns e acostuma a ser diagnosticado máis tarde ca o autismo, a partir dos catro anos. Non presenta unha alteración clinicamente significativa da linguaxe pero si torpeza na comunicación non verbal. Os afectados son deficitarios na área de habilidades sociais e na motricidade grosa e fina. Mostran un patrón de intereses restritivos e, polo xeral, non amosan un déficit cognitivo. A medida que crecen son capaces de recoñecerse diferentes aos demais, pero carecen de habilidades para facer amigos e por esta razón poden sufrir estados de depresión.

As **necesidades educativas** do alumnado afectado por un Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento están referidas fundamentalmente aos tres ámbitos nos que atopan maiores dificultades:

- Interacción social

- Comunicación-linguaxe

- Flexibilidade mental

**Procedementos de ensinanza**

A maioría dos autores e autoras defenden que os procedementos de ensinanza deben cumprir certas condicións e reunir unha serie de características:

- Deben ser estruturados: o contexto máis efectivo será aquel cun grao importante de estruturación, tanto maior canto menor sexa a idade ou o nivel de desenvolvemento, e encamiñado a unha desestruturación programada, de acordo co nivel de desenvolvemento máis próximo aos contornos naturais.

- Non chega co ensino da habilidade, senón que tamén teremos que ensinar o seu uso, un uso axeitado, funcional, espontáneo e xeneralizado.

- Deben ser evolutivos e adaptados ás características persoais do alumnado.

- Deben acentuar a intervención na comunicación, centrarse en crear e potenciar habilidades adaptadas e alternativas, máis ca en eliminar condutas non desexables.

- Deben basearse nunha *aprendizaxe sen erro* (por contraposición á aprendizaxe por ensaio e erro) na que, en base ás axudas outorgadas, o alumnado finalice con éxito as tarefas que se lle presentan. Pouco a pouco irán desaparecendo as axudas, de maneira progresiva, ata os niveis máis elevados posibles, que estarán en relación co desenvolvemento cognitivo.

**Aspectos metodolóxicos:**

- Introducir claves visuais que axuden a estruturar o tempo e o espazo. Trátase de axudar o alumnado a organizar a información que recibe para poder poñer algunha orde no seu mundo caótico. Canto máis comprensible lle resulte o contorno, menor probabilidade haberá de que aparezan condutas problemáticas.

- Estruturar as tarefas en sucesivos pasos, proporcionando as axudas previas, moldeamento físico, encadeamento cara atrás ou verbalización na procura da aprendizaxe sen erro.

- Ter en conta os intereses e preferencias da persoa, propoñéndolle actividades atractivas, que poden servir de reforzo para outras que consideremos relevantes.

- Proporcionarlle unha atención individualizada cálida por parte do profesorado, que compartirá unhas estratexias claras e comúns.

- Darlle tempo abondo para que poida emitir a resposta.

- Axudar a que perciba as consecuencias dos seus actos, proporcionándolle criterios de éxito sempre e cando sexa posible; así favoreceremos a súa autonomía.

No curso actual, 2022-23, o noso centro conta coa seguinte relación de alumnado TEA:

1º ESO: un alumno.

2º ESO: un alumno.

3º ESO: un alumno.

2º BAC: un alumno.

Isto fai un total de 4 alumnos con esta identificación no noso centro.

**b) Discapacidade Intelectual**

Alumnos/as na ESO

A finalidade da educación das persoas con discapacidade intelectual é a mesma que para o resto do alumnado: acadar o desenvolvemento integral das súas capacidades, potenciando ao máximo todas as súas posibilidades.

http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644

Na **FPB de madeira** hai:

- Un alumno con síndrome de Down que cursa con discapacidade intelectual.

**2) Necesidades Específicas de Apoio Educativo**

**a) TDAH:**

O alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) forma parte da diversidade de toda aula e está considerado nese gran grupo de alumnado que a normativa básica identifica como alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE).

O trastorno por déficit de atención e hiperactividade é un patrón persistente de conduta de desatención, hiperactividade e impulsividade que comeza a manifestarse ao longo da infancia e que inflúe negativamente no funcionamento e no desenvolvemento das nenas, dos nenos e das persoas adolescentes afectadas, manifestándose na familia, na escola, nas relacións interpersoais, nas actividades de lecer, en forma de dificultades para agardar, para concentrarse nunha tarefa, para controlar as accións e emocións e tamén para planificar e solucionar problemas.

No ámbito escolar, o profesorado podemos observar a existencia das seguintes manifestacións:

- Cústalle comezar o traballo. Non comeza por si só ou soa.

- Amosa desorde e desorganización e non completa os traballos.

- Usa o mínimo esforzo nos seus traballos e tarefas.

- Ten aparencia de ser unha persoa preguiceira, mesmo pouco motivada.

- Parece non escoitar cando se lle fala. Segue con dificultade unha conversa.

- Presenta os traballos sucios, rachados ou deteriorados.

- Esquece entregar os traballos, aínda que os teña feitos.

- Presta moita máis atención nas áreas ou materias que lle gustan.

- Ten dificultade para atender e seguir as normas dun xogo.

- Cambia constantemente de postura na súa cadeira, nas rodas de xogo, etc.

- Morde, chupa e xoga co material (lapis, goma, bolígrafo).

- Move constantemente as pernas, os brazos e os dedos, sen erguerse do asento.

- Cáenlle as cousas ao chan con excesiva frecuencia, rompe materiais, etc.

- É das persoas que adoita ter pequenos accidentes no recreo e nos xogos.

- Contesta sen pensar.

- Non ve o perigo en ningures.

- Non controla a expresión dos seus sentimentos.

- Os castigos producen pouco efecto no seu comportamento e as recompensas a longo prazo tampouco funcionan.

- O tempo é o seu inimigo e non inicia as tarefas ata o último momento.

- Ten dificultade para controlar o seu comportamento.

- Cústalle poñerse no lugar da outra persoa.

- Desmoralízase enseguida.

- Frecuentemente parece unha persoa testana.

- Carece de empatía, o que orixina moitos rexeitamentos.

- Ten moi baixa autoestima, inseguridade e dependencia das persoas adultas.

- Ten dificultades para dicir o que quere dicir, explícase mal.

- Cando ten que explicar algo non atopa as palabras e ten dificultades para explicar as súas ideas de maneira rápida e precisa.

- Esquécese de darlles a volta ás follas dos exames.

- Cando unha pregunta ten varias partes, contesta a primeira e esquece as seguintes.

A continuación figuran unhas pautas e estratexias para beneficiar tanto o alumnado con TDAH coma o resto do grupo.

**Tipo de aula**. O alumnado con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, a ser posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes.

**Perfil do profesorado.** Funciona ben o profesorado que harmoniza as normas claras e coherentes coa empatía e co reforzo positivo. Os estilos permisivo ou autoritario son negativos nestes casos.

**Localización da alumna ou do alumno na aula**. Considérase que o alumnado con TDAH debe estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Debe evitarse a proximidade a portas, fiestras, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como a estímulos sonoros ou visuais. Cando se realicen traballos en grupo hai que ser coidadosos coa localización do grupo (próximo ao profesorado) e coa elección das compañeiras e dos compañeiros.

En actividades individuais, este alumnado deberá ocupar unha mesa separada, orientada cara a mesa do profesorado.

**Mesa da alumna ou do alumno.** Enriba da mesa só estarán os materiais que necesite para realizar a tarefa, e, ao remate, deberá recollelos e gardalos, e hase de evitar que acabe xogando con eles e convertendo a mesa nun pequeno taller.

**Normas de convivencia consensuadas na aula**. Negociaranse co alumnado unhas cantas normas de funcionamento (non moitas) e as consecuencias do seu cumprimento e incumprimento. Estas normas debe escribilas o propio alumnado, han de estar visibles na aula, e deben ser repasadas, con frecuencia, polo conxunto da clase. O profesorado evitará os enfrontamentos verbais e retadores cando se esixe o cumprimento das normas. Aconséllase firmeza, sen implicarse emocionalmente, e non culpar diante das compañeiras e dos compañeiros (o alumnado con TDAH non actúa así porque quere, senón porque non pode evitar ese comportamento).

Manter un ambiente estruturado, motivador e con rutinas predicibles axudaralle ao alumnado a sentirse seguro e a saber o que ten que facer en cada momento.

**Adaptar o currículo**. Adaptar o currículo ás capacidades, ao estilo de aprendizaxe e ás necesidades do alumnado é sempre a primeira e a mellor resposta para solucionar os problemas de aprendizaxe e de conduta.

No tratamento educativo con alumnado con TDAH **dá resultado:**

• Alternar actividades teóricas con traballo práctico.

• Antes de empezar unha actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.

• Utilizar estratexias para captar a atención inicial como cambios de entoación, xesticulación e dramatización.

• Segmentar as actividades longas e limitar o número destas (mellor facer tres correctas ca cinco incorrectas).

• Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.

• Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

• Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.

• Variar os exercicios, para que non se aburra.

• Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira "responsable", para que lle axude a comprender e a realizar as tarefas.

• Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas, etc.).

En canto á **tarefas e deberes**. É necesario:

• Reducir e fragmentar as actividades.

• Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.

• Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.

• Non sobrecargar de tarefas para a casa, e seleccionar ben aquelas que se consideren máis importantes.

**Á hora de explicar**, o profesorado debe ter en conta as seguintes estratexias:

• Antes de empezar, ha de asegurarse de que atende.

• Utilizar frases curtas e claras.

• Manter o contacto visual e permanecer cerca.

• Focalizar a atención nos conceptos “clave”.

• Utilizar estímulos visuais e modificar o ritmo da exposición, coas debidas pausas.

• Presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación.

• Utilizar estratexias de categorización e imaxes mentais de conceptos.

• Implicala ou implicalo, promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.

• Proporcionarlle un sistema de titoría dun compañeiro ou dunha compañeira que lle axude a revisar os puntos fundamentais da explicación, e promover que o alumnado con TDAH explique os conceptos a estudantes con máis dificultades ca el.

Por outra parte, o profesorado debe asegurarase de que o alumnado o mira aos ollos, que entende o exposto e, de ser o caso, que copiou o sinalado. Con esta finalidade formularánselle algunhas preguntas, para que as poida responder correctamente.

**Exames ou probas escritas**. Para mellorar o éxito das probas escritas é necesario:

• Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.

• Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.

• Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.

• Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).

• Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oral ou utilizando o ordenador), debido ás dificultades de escritura dalgún alumnado con TDAH.

• Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.

• Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.

• Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.

• Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

**Estratexias para controlar e mellorar a conduta**. Como o obxectivo é aumentar os comportamentos axeitados e diminuír os comportamentos inadecuados, hai que amosar unha actitude tolerante, flexible e paciente, e o profesorado debe actuar como un modelo de conduta reflexiva para o alumnado. Pódense utilizar como criterios xerais de manexo da conduta os seguintes:

• O reforzo positivo de condutas adecuadas ou aproximacións.

• Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.

• Ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non son moi molestos.

• Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.

• Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.

• Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas.

**No curso 2022-23 contamos coa seguinte relación de alumnado con TDAH:**

**En 1º ESO:**

- Catro alumnos/as con TDAH.
- Sete alumnos/as exentos da 2ª lingua estranxeira.

**En 2º ESO:**

- Dous alumnos/as con TDAH.
- Cinco alumnos/as exentos da 2ª lingua estranxeira.

**En 4ª ESO:**

- Tres alumnos/as con TDAH.

**En FPB:**

· Catro alumnos con TDAH.

## 14. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

O seguimento dos alumnos e alumnas coa materia pendente será levada a cabo polo profesorado que lles imparta a materia no curso no que se atopan.

O protocolo xeral de seguimento será o seguinte:

– A principio de curso informarase aos alumnos do protocolo de recuperación. O alumnado recibirá e terá que realizar bloques de actividades que entregarán dentro da data límite marcada pola profesora, e que serán corrixidas e cualificadas polo profesor encargado da materia.

– O alumnado acudirá ao profesor encargado da materia para:

a) corrección das actividades;

b) consulta das dúbidas

c) atención ás explicacións que precise ou sexan pertinentes.

– O profesor corrixirá as actividades e as devolverá aos alumnos. No caso de non estar correctamente resoltas, os orientará sobre a correcta resolución.

– Para superar a materia pendente, a alumna ou alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e /ou titulación.

– O alumnado realizará como mínimo un exame por avaliación co fin de comprobar o grao de adquisición dos contidos mínimos.

– A nota obtida en cada unha desta probas suporá o 90% da cualificación. Ata o 10% restante constará da nota obtida polos alumnos nos **TRABALLOS DE REFORZO** propostos polos profesores e tamén incluirá o esforzo e traballo persoal na materia nas clases no curso actual.

– Aqueles alumnos que non teñan entregado o caderno de exercicios terán un **cero** nesa parte da nota e cualificaraselles o exame como o resto do alumnado.

– A avaliación e **continua,** e a cualificación final obterase aplicando as seguintes porcentaxes á nota obtida en cada avaliación:

1ª avaliación:20%     2ª avaliación: 30%     3ª avaliación: 50%

- O exame **final e oficial do mes de maio** é obrigatorio só para aquel alumnado que non acadase os coñecementos mínimos esixidos nas anteriores avaliacións. Para o alumnado que precise presentarse a esta proba, o resultado que obteña nela representará o 100% da súa nota final.

- O alumnado que non obteña cualificación positiva nesta proba, poderá presentarse á **proba extraordinaria de pendentes**, que constarán dos mesmos contidos que en maio e na que só se terá en conta a nota dos exames.

A valoración das probas en cada avaliación será a seguinte:

| | % na nota |
|---|---|
| Comprensión escrita | 20% da nota |
| Expresión escrita | 30% da nota |
| Coñecemento da lingua | 40% da nota |
| Actividades de recuperación | 10% da nota |

O baremo para os exames oficiais de **maio** e x**uño** será o seguinte:

| | % na nota |
|---|---|
| Comprensión escrita | 20% da nota |
| Expresión escrita | 30% da nota |
| Coñecemento da lingua | 50% da nota |

## 15. PLAN DE REFORZO PERSONALIZADO PARA O ALUMNADO REPETIDOR

A finalidade deste "plan específico personalizado" é actuar como mecanismo de apoio e recuperación para aquel alumnado que presente dificultades nas capacidades

instrumentais básicas da área de inglés e que no ten superados os obxectivos propostos no curso anterior.á proposta deste departamento é a seguinte:

O seguimento destes alumnos estará a cargo do profesor/a do grupo que será o encargado/a de adecualo ao alumnado, unha vez detectadas as dificultades do curso anterior ao procedemento será o seguinte: en primeiro lugar, o profesor/a que imparta a materia no presente curso deberá recoller información detallada do profesor do curso anterior, do seu titor ou dos informes do alumnado sobre as dificultades apreciadas en inglés e posibles causas dos seus resultados. en caso de que considere que as causas son específicas da asignatura e non cuestións que deban ser tratadas polo titor (absentismo…), o profesor/a proporá un plan de seguimento en función das súas necesidades, o grao de implicación do alumnado e da sua familia, así como da dispoñibilidade dos recursos do centro. As medidas que se poderán tomar para este plan son as seguintes:

1ª. Control exhaustivo do comportamento do alumno por parte do profesor/a na aula: atención, traballo, caderno de clase, estudo do progreso ou dificultades nas probas realizadas…comunicarase esta medida ao alumnado e á familia para que non se sinta intimidado e perciba que o profesor/a procura axudala.

2ª. Mellorar a comunicación e a información coa familia a través de notas, informes, chamadas telefónicas, reunións… neste caso podería ser aconsellable a firma da familia co titor/a dun compromiso pedagóxico.

3ª. Intensificar a comunicación entre os profesores, o titor/a e o orientador/a a través de informes, charlas ou reunións con todo o equipo educativo.

4ª. Elaboración do material de reforzo para estes alumnos. O profesor/a entregará este material de reforzo que terá efecto si o alumnado realiza un seguimento axeitado da clase

e ten unha asistencia regular. O alumnado deberá entregar o material nas datas previstas.

5ª. Asistencia a clases de apoio que puidera ofrecer o centro (proa) ou de maneira particular fora do centro e a cargo da familia.

6ª. No caso de que as dificultades persistan a pesar de tódalas medidas anteriores, o profesor/a poderá realizar unha adaptación curricular non significativa.

## 16. COLABORACIÓN DO DEPARTAMENTO COAS "SECCIÓNS PLURILINGÜES".

O centro ten autorizadas neste curso, para os niveis de 1º, 2º, 3º e 4º ESO a organización e desenvolvemento de "seccións plurilingües" na materia de **EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL** e **AUDIOVISUAL** en 1º da ESO A /B,impartida pola profesora RAQUEL RODRÍGUEZ REINO.

**TECNOLOXÍA** en 2º ESO A/B, impartida polo profesor EMILIO VILLANUEVA LÓPEZ.

**FÍSICA e QUÍMICA** en 3º da ESO A/B impartida polo profesor MARCOS LÓPEZ PENA.

**EDUCACIÓN FÍSICA** en 4º ESO A/B impartida polo profesor FRANCISCO PÉREZ PENAS.

**RECURSOS HUMANOS E RESPONSABILIDADE CORPORATIVA SOCIAL (RRHH)** en 1º CS ADMINFIN e **XESTIÓN FINANCEIRA** en 2ºCS ADMINFIN impartida polo profesor JORGE GONZÁLEZ GARCÍA.

**IMPLANTACIÓN DE APLICACIÓNS WEB** en 2º CICLO SUPERIOR DE SISTEMAS INFORMÁTICOS EN REDE (ASIR) e 1º DAM **(DUAL) LINGUAXE DE MARCAS E SISTEMAS DE XESTIÓN DA INFORMACIÓN** impartidas polo profesor Antonio Otero Franco.

1º (DESAMO) **REPRESENTACIÓN EN CARPINTARÍA E MOBLE** impartida polo profesor Jorge Ares Rodríguez.

Todas estas secións serán coordinadas pola profesora de Inglés: **ALBA AMINATA FAYE PÉREZ.**

## 17. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Consideramos que este tipo de actividades son un medio complementario para a educación do alumnado, non so a nivel de adquisición de coñecementos académicos, senón tamén como formación integral dos mesmos, ó poñerse en xogo valores actitudinais, de comportamento e saber estar en distintos contextos que non se poderían experimentar no propio centro.

**Actividades extraescolares:**

- Asistencia dos alumnos a unha obra de teatro escollida entre a que nos oferten as diferentes compañías, e que sexan consideradas de aproveitamento para o alumnado, atendendo á dispoñibilidade de tempo e medios suficientes para a súa realización, as cales valoraremos posteriormente para que quede reflectido na memoria o seu aproveitamento ou falta deste para así poder telo en conta en cursos vindeiros.

**Actividades complementarias:**

- Halloween, véspera de tódolos Santos. É a noite dos fantasmas e as meigas e de gran auxe no mundo anglosaxón. O departamento de Inglés realizará un concurso de cabazas para os alumnos da ESO, crearase un taller para ensinar aos alumnos de primeiro e segundo da ESO a decorar unha cabaza.
- A editorial Burlington dará unha charla en Inglés sobre cultura americana para os cursos da ESO e tamén de Bacharelato.
- Seguimos a considerar as celebracións dos patróns de Irlanda (St. Patrick, 17 marzo), Inglaterra (St. George, 23 abril), Escocia (St. Andrew, 30 novembro) e Gales (St. David, 1 marzo).
- Outras celebracións tradicionais do mundo anglosaxón que poidan ter semellanzas con celebracións galegas, Bonfire Night-Guy Fawkes, por exemplo, o 5 de novembro.
- Christmas e St. Valentine’s Day.

## 18. AUXILIAR DE CONVERSA

Neste curso académico o centro contará coa colaboración dun auxiliar de conversa de orixe Estadounidense, Katriese de León. Contarase coa súa presenza entre o 15 de setembro de 2022 ata o 14 de xuño do 2023.

As súas funcións, serán basicamente as seguintes:

- Reforzo do traballo de aula no tocante, sobre todo, ao desenvolvemento das destrezas orais.
- Reforzo das destrezas lingüísticas do alumnado inmerso no programa de “seccións bilingües” por medio dos mecanismos que se establezan en coordinación cos departamentos de Plástica,Tecnoloxía, Física e Química e Educación Física. Tamén, neste sentido, cooperación na elaboración de materiais curriculares axeitados.
- Colaboración na organización e elaboración de actividades extraescolares, de ser o caso.
- A realización destas funcións non excederá en ningún caso os límites establecidos pola Consellería de Educación.

Decidiuse no Departamento, en coordinación cos Departamentos que imparten as materias das seccións plurilingües, dividir o seu horario en SEMANA A e SEMANA B, para posibilitar a súa asistencia a un maior número de clases.

## 19. INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Ao inicio do curso informarase ao alumnado dos seguintes aspectos da programación:

- Obxectivos, contidos e criterios para a avaliación.
- Procedementos de avaliación e criterios de cualificación.
- Mecanismos para a recuperación de materia pendente do curso actual e de cursos anteriores se é o caso.

## ANEXO I. RÚBRICA DO WRITING

Ver páxina seguinte

IES Antón Losada Diéguez. Departamento Inglés

# EXPRESIÓN ESCRITA

NOME________________________________________________________ Data________________ Puntuación:____/10

| CONTIDO | ORGANIZACIÓN E COHESIÓN | RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL | RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA |
|---|---|---|---|
| 2,5 puntos<br>• Cumpre moi ben o propósito comunicativo.<br>• Expresa as ideas de forma clara e coherente.<br>• O rexistro e formato adecúanse ao tipo de texto.<br>• A extensión é adecuada. | 2,5 puntos<br>• Usa correctamente conectores e mecanismos de cohesión propios do nivel<br>• A puntuación é adecuada.<br>• A organización dos parágrafos é clara e lóxica. | 2,5 puntos<br>• Usa estruturas morfosintácticas propias do nivel con razoable corrección.<br>• As estruturas morfosintácticas son suficientes e variadas.<br>• En xeral, a ortografía é correcta. | 2,5 puntos<br>• Usa léxico propio do nivel de maneira razoablemente correcta.<br>• O léxico é suficiente e variado.<br>• Utiliza frases feitas e estruturas de uso frecuente. |
| 2 | 2 | 2 | 2 |
| 1,25<br>• Cumpre ben o propósito comunicativo.<br>• Expresa as ideas con suficiente claridade e coherencia.<br>• O rexistro e formato axústanse case sempre ao tipo de texto. | 1,25<br>• Usa correctamente conectores e mecanismos de cohesión propios do nivel con suficiente corrección.<br>• Presenta erros na puntuación que non impiden a comprensión<br>• A organización en parágrafos é suficientemente lóxica. | 1,25<br>• Usa estruturas morfosintácticas propias do nivel con suficiente corrección aínda que presenta algún erro.<br>• Utiliza certa variedade de estruturas morfosintácticas propias do nivel. | 1,25<br>• Utiliza léxico propio do nivel con suficiente corrección, aínda que presenta algún erro.<br>• O léxico é suficiente pero limitado.<br>• Os erros de vocabulario non impiden a comprensión. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| • A extensión é adecuada. | | • A ortografía é suficientemente correcta.<br>• Os erros ortográficos non impiden a comprensión. | |
| 1 | 1 | 1 | 1 |
| 0,5<br>• Non se axusta á extensión requirida (+/- 10%) <u>ou</u> non cumpre o propósito comunicativo.<br>• As ideas non son claras e coherentes.<br>• O rexistro e/ou formato non son adecuados ao tipo de texto. | 0,5<br>• O uso dos conectores e/ou dos mecanismos de cohesión propios do nivel é incorrecto.<br>• A puntuación é inadecuada.<br>• A organización dos parágrafos é pouco clara. | 0,5<br>• Erros gramaticais moi frecuentes que impiden a comprensión.<br>• Dominio moi limitado das estruturas morfosintácticas propias do nivel.<br>• Dominio moi limitado da ortografía. | 0,5<br>• O léxico é insuficiente ou incorrecto.<br>• Os erros de vocabulario impiden a comprensión. |
| 0<br>• Capacidade comunicativa case nula.<br>• Mostra de lingua insuficiente.<br>• A produción non se corresponde coa tarefa. | 0<br>• Capacidade comunicativa case nula.<br>• Mostra de lingua insuficiente.<br>• A produción non se corresponde coa tarefa. | 0<br>• Capacidade comunicativa case nula.<br>• Mostra de lingua insuficiente.<br>• A produción non se corresponde coa tarefa. | 0<br>• Capacidade comunicativa case nula.<br>• Mostra de lingua insuficiente.<br>• A produción non se corresponde coa tarefa. |

IES Antón Losada Diéguez. Departamento Inglés

## ANEXO II. RÚBRICA DO SPEAKING

Ver páxinas seguintes

# EXPRESIÓN ORAL (MONÓLOGO)

| CONTIDO E ORGANIZACIÓN | FLUIDEZ E PRONUNCIA | RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL | RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA |
|---|---|---|---|
| 2,5 puntos<br>• Cumpre moi ben o propósito comunicativo.<br>• Expresa as ideas de forma clara e coherente.<br>• O rexistro é adecuado.<br>• Axústase ao tempo establecido.<br>• Usa correctamente conectores e mecanismos de cohesión propios do nivel.<br>• Pode responder preguntas sen esforzo e pedir aclaracións cando non entende (onde corresponda)<br>• Trata todos os puntos cun contido axeitado (onde corresponda) | 2,5 puntos<br>• O discurso é fluído para o nivel, sen pausas que interfiran na continuidade do discurso.<br>• A pronuncia e a entoación son claras e intelixibles sempre.<br>• O ritmo da exposición é adecuado | 2,5 puntos<br>• Usa, con razoable corrección, unha ampla variedade de estruturas morfosintácticas propias do nivel<br>• Ten capacidade de autocorrección | 2,5 puntos<br>• Usa, de xeito razoablemente correcto, un léxico suficiente e variado para este nivel<br>• Supera as súas deficiencias con circunloquios ou estratexias similares |
| 2 | 2 | 2 | 2 |
| 1,25<br>• Cumpre ben o propósito comunicativo.<br>• Expresa as ideas con suficiente claridade e coherencia.<br>• O rexistro é suficientemente adecuado.<br>• Axústase ao tempo establecido.<br>• Usa correctamente conectores e mecanismos de cohesión propios do nivel | 1,25<br>• Ten algunha pausa pero o discurso é case sempre fluído<br>• A pronuncia e a entoación son claras e intelixibles case sempre, con algún erro puntual.<br>• O ritmo da exposición non sempre é adecuado | 1,25<br>• Usa, con suficiente corrección, unha certa variedade de estruturas morfosintácticas propias do nivel | 1,25<br>• Usa, con suficiente corrección, un léxico suficiente pero limitado para este nivel<br>• Os erros de vocabulario non impiden a comprensión. |

IES Antón Losada Diéguez. Departamento Inglés

| | | | |
|---|---|---|---|
| con suficiente corrección.<br>• Trata a maioría dos puntos cun contido axeitado (onde corresponda).<br>• Presenta algunha dificultade para responder preguntas e pedir aclaracións cando non entende (onde corresponda) | | | |
| 1 | 1 | 1 | 1 |
| 0,5<br>• Non cumpre o propósito comunicativo.<br>• O rexistro é inadecuado.<br>• Non se axusta ao tempo establecido.<br>• O uso dos conectores e/ou mecanismos de cohesión propios do nivel é incorrecto.<br>• Non trata os puntos (onde corresponda).<br>• Presenta moitas dificultades para responder preguntas e pedir aclaracións cando non entende (onde corresponda). | 0,5<br>• O discurso non é fluído, con pausas continuadas que interfiren e impiden a comprensión.<br>• Presenta moitos erros na pronuncia que impiden a comprensión.<br>• O ritmo da exposición é inadecuado | 0,5<br>• Erros gramaticais moi frecuentes que impiden a comprensión.<br>• Dominio moi limitado das estruturas morfosintácticas propias do nivel. | 0,5<br>• O léxico é insuficiente ou incorrecto ou demasiado xeral<br>• Os erros de vocabulario impiden a comprensión. |
| 0<br>• Capacidade comunicativa case nula.<br>• Mostra de lingua insuficiente.<br>• A produción non se corresponde coa tarefa. | 0<br>• Capacidade comunicativa case nula.<br>• Mostra de lingua insuficiente.<br>• A produción non se corresponde coa tarefa. | 0<br>• Capacidade comunicativa case nula.<br>• Mostra de lingua insuficiente.<br>• A produción non se corresponde coa tarefa. | 0<br>• Capacidade comunicativa case nula.<br>• Mostra de lingua insuficiente.<br>• A produción non se corresponde coa tarefa. |

IES Antón Losada Diéguez. Departamento Inglés

# EXPRESIÓN ORAL (DIÁLOGO)

| CONTIDO E ORGANIZACIÓN | FLUIDEZ E PRONUNCIA | RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL | RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA |
|---|---|---|---|
| 2’5<br>• Cumpre moi ben o propósito comunicativo.<br>• Expresa as ideas de forma clara e coherente.<br>• O rexistro é adecuado.<br>• Axústase ao tempo establecido.<br>• Inicia,mantén e remata a conversa sen dificultade.<br>• Usa a quenda de palabra eficazmente. | 2’5<br>• O discurso é fluído para o nivel, sen pausas que interfiran na continuidade do discurso.<br>• A pronuncia e a entoación son claras e intelixibles sempre.<br>• O ritmo da exposición é adecuado para o lóxico entendemento da mensaxe. | 2’5<br>• Usa estruturas morfosintácticas propias do nivel con razoable corrección.<br>• As estruturas morfosintácticas son suficientes e variadas.<br>• Ten capacidade de autocorrección | 2’5<br>• Usa léxico propio do nivel de maneira razoablemente correcta.<br>• O léxico é suficiente e variado.<br>• Utiliza frases feitas e estruturas de uso frecuente. |
| 2 | 2 | 2 | 2 |
| 1’25<br>• Cumpre ben o propósito comunicativo.<br>• Expresa as ideas con suficiente claridade e coherencia.<br>• O rexistro é suficientemente adecuado.<br>• Axústase ao tempo establecido.<br>• Inicia,mantén e remata a conversa con certa dificultade.<br>• Usa a quenda de palabra con suficiente eficacia. | 1’25<br>• O discurso é case sempre fluído para o nivel, con algunha pausa que pode interferir na continuidade do discurso.<br>• A pronuncia e a entoación son claras e intelixibles case sempre, aínda que haxa algún erro puntual.<br>• O ritmo da exposición non sempre é adecuado, pero non impide o lóxico entendemento da mensaxe. | 1’25<br>• Usa estruturas morfosintácticas propias do nivel con suficiente corrección aínda que presenta algún erro.<br>• Utiliza certa variedade de estruturas morfosintácticas propias do nivel. | 1’25<br>• Utiliza léxico propio do nivel con suficiente corrección, aínda que presenta algún erro.<br>• O léxico é suficiente pero limitado.<br>• Os erros de vocabulario non impiden a comprensión. |
| 1 | 1 | 1 | 1 |
| 0,5<br>• Non cumpre o propósito comunicativo.<br>• O rexistro é inadecuado. | 0,5<br>• O discurso non é fluído, con pausas continuadas que interfiren | 0,5<br>• Erros gramaticais moi frecuentes que impiden a | 0,5<br>• O léxico é insuficiente ou incorrecto. |

IES Antón Losada Diéguez. Departamento Inglés

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • Non se axusta ao tempo establecido.<br>• Ten problemas para iniciar, manter e rematar a conversa.<br>• Amosa problemas no uso da quenda de palabra. | | e impiden a comprensión.<br>• Presenta moitos erros na pronuncia que impiden a comprensión.<br>• O ritmo da exposición é inadecuado, impedindo o lóxico entendemento da mensaxe. | comprensión.<br>• Dominio moi limitado das estruturas morfosintácticas propias do nivel. | • Os erros de vocabulario impiden a comprensión. |
| 0<br>• Capacidade comunicativa case nula.<br>• Mostra de lingua insuficiente.<br>• A produción non se corresponde coa tarefa. | 0<br>• Capacidade comunicativa case nula.<br>• Mostra de lingua insuficiente.<br>• A produción non se corresponde coa tarefa. | 0<br>• Capacidade comunicativa case nula.<br>• Mostra de lingua insuficiente.<br>• A produción non se corresponde coa tarefa. | 0<br>• Capacidade comunicativa case nula.<br>• Mostra de lingua insuficiente. | 0<br>• Capacidade comunicativa case nula.<br>• Mostra de lingua insuficiente. |

IES Antón Losada Diéguez. Departamento Inglés

**A XEFA DE DEPARTAMENTO**

**Socorro Goldar Pazos**

**Profesoras do Departamento de Inglés**

**Elena Calviño Riveira**

**Patricia Alonso Janeiro**

**Alba Aminata Faye Pérez**

**A Estrada, a 10 de Novembro de 2022**